


2022

Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo galego

Sector Novo rural





Título orixinal: *Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo galego. Sector Novo Rural*© 2021

Textos e revisión: Equipo técnico de Espazocoop
Deseño e maquetación: Catro Ventos Editora Soc. Coop. Gal.

Unión de Cooperativas Espazocoop
Rúa do Hórreo, 104, 15701 Santiago de Compostela, A Coruña
<http://espazo.coop>



Esta obra comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a súa autoría mediante a mención expresa das autoras e da editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza ca a orixinal.

Os Plans Estratéxicos de Espazocoop enmárcanse no programa de actuación 2021 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.



ÍNDICE

1. PAPEL DO COOPERATIVISMO EN GALICIA	5
· 1.1. POTENCIALIDADES SECTORIAIS NO COOPERATIVISMO	16
2. ANTECEDENTES	22
3. OBXECTIVOS	32
4. RADIOGRAFÍA DO SECTOR COOPERATIVO NO ÁMBITO RURAL	36
· 4.1 OPORTUNIDADES DE SUBSECTORES NO RURAL GALEGO	43
· 4.2 DAFO DO SECTOR COOPERATIVO RURAL	50
5. COVID-19: IMPACTO E MEDIDAS NO COOPERATIVISMO CULTURAL	51
6. CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	60
· 6.1 BOAS PRÁCTICAS DE COOPERATIVAS CULTURAI E PROXECTOS REPLICABLES	63
7. FOMENTO DA CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	73
· 7.1. DETECCIÓN DE OPORTUNIDADES	73
8. PLAN DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO RURAL	76
· 8.1 ACTUACIÓNS DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	80
9. BIBLIOGRAFÍA	81






PAPEL DO COOPERATIVISMO EN GALICIA

O cooperativismo contribuíu de forma moi significativa ao desenvolvemento social e económico de Galicia nas últimas décadas, como acredita a súa evolución en termos sociais e económicos ao longo do devandito período, acadando na actualidade unha gran relevancia en moitos sectores da actividade económica, entre outros a agricultura, o sector financeiro ou a distribución e os servizos, configurándose como un instrumento xerador de emprego moito máis activo que as sociedades de capital nalgúns sectores, e contribuíndo ao mantemento de emprego, a continuidade de empresas en crise, etc.

EVOLUCIÓN CREACIÓN COOPERATIVAS 2015-2020

(Elaboración propia, segundo datos rexistro de cooperativas de Galicia)




■ COOPERATIVAS CREADAS

COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS E NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS PROMOTORAS SEGUNDO OS REXISTROS PROVINCIAIS E CENTRAIS DE COOPERATIVAS DE GALICIA. ANO 2019.


(FONTE: Xunta de Galicia. Estatísticas en materia de economía social. 2019.)

REXISTRO	NÚMERO COOPERATIVAS	HOMES	MULLERES	PERSOAS XURÍDICAS	TOTAL PERSOAS
A Coruña	38	110	79	6	195
Lugo	7	7	8		16
Ourense	9	7	12		19
Pontevedra	48	126	102	10	238
CENTRAL	8	86	29	30	145
TOTAL	110	336	231	46	613

No ano 2020, as 98 cooperativas creadas, estaban formadas nun 52.2 % por socios promotores homes e nun 43.5 % por socias mulleres.



DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DAS COOPERATIVAS GALEGAS. MEDIO URBANO E RURAL (2018)



EVOLUCIÓN COOPERATIVISMO NO ÁMBITO RURAL (Libro branco da Economía Social en Galicia. 2018).

DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DAS COOPERATIVAS POR ÁREAS URBANAS E RURAIS (2010-2018).

(Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia. Estatísticas en materia de economía social. 2019, 2018, 2017.)

	COOPERATIVAS		COMARCAS		2010		2018	
	TOTAL	% PRO-VINCIA	TOTAL	% PRO-VINCIA	TOTAL	% PRO-VINCIA	TOTAL	% TOTAL COOPS
A Coruña	67	6,70	29	5,71	71	6,46	96	7,20
Ferrol	28	13,19	48	9,45	72	6,55	76	5,70
Stgo. Compostela	86	5,51	35	6,89	87	7,92	121	9,07
Lugo	61	26,40	25	10,82	55	5,00	86	6,45
Ourense	68	34,51	26	13,20	71	6,46	94	7,05
Pontevedra	16	4,01	10	2,51	22	2,00	26	1,95
Vigo	142	35,67	58	14,57	152	13,83	200	14,99
TOTAL URBANAS	468		231		530	48,23	699	53,40
TOTAL RURAIS	-				569	51,77	635	47,60

A destacar nos datos que ofrece o Libro Branco, que **máis do 80%** dos concellos galegos teñen polo menos unha sociedade cooperativa, o que indica a potencialidade desta figura societaria para a súa contribución a redistribución do equilibrio territorial da actividade económica.

Polo que respecta á actividade económica das cooperativas presenta unha presenza nas áreas rurais moi superior á participación relativa da súa poboación. Porén, tamén cabe sinalar que o maior incremento no número de cooperativas rexistradas entrambos períodos temporais débese á creación de novas cooperativas en áreas metropoli-

tanais, onde están localizadas preto dun 72 % do total dos novos rexistros.

Así mesmo, case a metade das cooperativas activas sitúanse no sector servizos, pero cabe destacar que as que teñen actividades vencelladas a o sector primario teñen unha importancia relativa moi superior á que lle correspondería en función dos parámetros indicativos da representación do sector na actividade económica da comunidade autónoma galega.

En relación coa actividade económica das cooperativas, salienta que a achega global das sociedades cooperativas do sector primario –agricultura e pesca– (32,23 %) é moi superior á importancia relativa do sector no conxunto da economía galega, onde significa o 4,78 % do PIB galego, o 6,25 % da poboación ocupada e aglutina o 16,53 % do total de empresas galegas.

Polo tanto, pese a que a realidade do cooperativismo no mundo rural galego mantén unha forte presenza e importancia, preséntanse tamén importantes retos fronte á creación de cooperativas nas áreas metropolitanas.

Cooperativa

A cooperativa é unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democrática, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e para satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios, e en interese pola comunidade, mediante a participación activa deles, distribuindo os resultados en función da actividade cooperativizada.

A xestión e o goberno da sociedade cooperativa correspóndelles exclusivamente a esta e ás persoas socias.

A sociedade cooperativa axustarase na súa estrutura e no seu funcionamento ós principios establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional:

I. Adhesión. As cooperativas son organizacións voluntarias, abertas a todas as persoas capaces de utilizar os seus servizos e dispostas a aceptar as responsabilidades de ser socio/a, sen discriminación social, política, relixiosa, racial ou de sexo.

II. Xestión democrática por parte das persoas socias. As cooperativas son organizacións xestionadas democraticamente polas persoas socias, que participan activamente na fixación das súas políticas e na toma de decisións. Os homes e mulleres elixidos para representar e xestionar as cooperativas son responsables ante as persoas socias. As cooperativas están organizadas de xeito democrático.

III. Participación económica das persoas socias. As persoas socias contribúen equitativamente ao capital das súas cooperativas e xestiónanas de xeito democrático. Polo menos, unha parte dos activos é, por regra xeral, propiedade común da cooperativa. Normalmente reciben unha compensación, se existe, sobre o capital entregado como condición para ser socio/a. As persoas socias asignan os excedentes para todos ou algún dos seguintes fins: ao desenvolvemento da cooperativa; á constitución de reservas, das que, polo menos, unha parte sería indivisible; ao beneficio das persoas socias en proporción ás súas operacións coa cooperativa; e ao apoio doutras actividades aprobadas polas persoas socias.

IV. Autonomía e independencia. As cooperativas son organizacións autónomas de autoaxuda, xestionadas polas persoas socias. Se asinan acordos con outras organizacións, incluídos os gobernos, ou se acadan capital de fontes externas, fano en termos que aseguren o control democrático por parte das persoas socias e manteñan a súa autonomía cooperativa.

V. Educación, formación e información. As cooperativas proporcionanlles educación e formación ás persoas socias, aos representantes elixidos, ás e aos directivos e ás persoas empregadas para que poidan contribuír de xeito eficaz ao desenvolvemento das súas cooperativas. Informan ao gran público, especialmente á mocidade e aos líderes de opinión, da natureza e beneficios da cooperativa.

VI. Cooperación entre cooperativas. As cooperativas serven o máis eficazmente posible a quen forma parte delas como socio ou socia e fortalecen o movemento cooperativo traballando conxuntamente mediante estruturas locais, nacionais, rexionais e internacionais.

VII. Interese pola comunidade. Ao mesmo tempo que se centran nas necesidades e nos desexos das persoas socias, as cooperativas traballan para acadar o desenvolvemento sostido das súas comunidades segundo os criterios aprobados polos socios e socias.

Atendendo á base de definición e principios cooperativos, as tipoloxías de cooperativas que mellor se axeitan para o sector dos coidados serían:

- **Cooperativa de traballo Asociado:** Asocian persoas naturais co obxecto de cooperativizar unha prestación laboral. Proporcionálles ás persoas socias un posto de traballo no que producen en común bens e servizos.

Unha especialidade das cooperativas de traballo asociado e asimiladas son as **cooperativas xuvenís**: son aquelas constituídas maioritariamente por persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre 16 e 29 anos, agás no caso de que sexan persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento en que a idade máxima será de 35 anos. Teñen por obxecto proporcionarlle emprego e un marco apropiado para o desenvolvemento profesional á xuventude, mediante a prestación do seu traballo persoal producindo en común bens e servizos para terceiros. Contan con importantes vantaxes para a súa constitución (redúcese o capital mínimo e non se require outorgamento de escritura pública), e transcorrido o prazo marcado nos estatutos, que non será superior aos cinco anos, deben transformarse en cooperativa ordinaria ou disolverse.

Como cooperativa singular e excepcional tamén se prevé a **cooperativa mixta de traballo asociado**. Neste tipo de cooperativas existen cooperativistas cuxo dereito de voto na asemblea xeral poderá determinarse en función do capital achegado nas condicións establecidas estatutariamente. O obxecto destas cooperativas é con-

tribuír á captación de capital de terceiros nos proxectos cooperativos, salvando ao máximo posible as características que son propias das sociedades cooperativas.

Por outra parte, a Xunta de Galicia poderá cualificar como **sociedades cooperativas sen ánimo de lucro** as que polo seu obxecto, actividade e criterios económicos de funcionamento acrediten a súa función social. Considéranse como tales as que se dediquen principalmente á prestación e xestión de servizos sociais, educativos, culturais, artísticos, deportivos ou de tempo libre e outros de interese colectivo ou de titularidade pública, á integración laboral das persoas que sufran calquera clase de exclusión social ou a outras actividades que teñan por finalidade conseguir a superación de situación de marxinación social de calquera tipo (*Disposición adicional cuarta. Lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia*).

Do mesmo xeito que sucede con outras fórmulas empresariais sen ánimo de lucro, como os centros especiais de emprego e as empresas de inserción, os resultados positivos da actividade non poden ser distribuídos entre as persoas socias, destinándose os excedentes dispoñibles (beneficios) a un Fondo de Reserva Obrigatorio e Irrepartible. Ademais desta consideración, as cooperativas sen ánimo de lucro teñen limitada a retribución das persoas socias traballadoras e do persoal asalariado, non podendo superar o 150% das retribucións establecidas no convenio colectivo aplicable ao seu sector. Iso non significa que as persoas socias traballadoras e persoal asalariado traballen ou presten os seus servizos con carácter gratuíto, senón que tanto os beneficios como as súas retribucións están suxeitas ás devanditas limitacións, prevalecendo o carácter social da entidade.

- **Cooperativas Agrarias:** Son cooperativas agrarias as que integran a titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais, que terán por obxecto a realización de todo tipo de operacións encamiñadas ao mellor aproveitamento das explotacións das súas persoas socias, dos seus elementos ou compoñentes e da cooperativa e á mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do medio rural, así como a atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio

da actividade agrícola, gandeira ou forestal ou estea relacionado directamente con elas. As explotacións agrarias das súas persoas socias deberán estar dentro do ámbito territorial da cooperativa, establecido estatutariamente.

A lei posibilita a incorporación como socio da compañía familiar galega, configurada como unidade económica única, institución propia do dereito civil galego.

Prevé tamén a substitución da condición de persoa socia no caso de que a/o titular da explotación deixe de selo, sen necesidade de transmisión. E potencia tamén a intercooperación entre as cooperativas agrarias como instrumento que facilite o seu desenvolvemento e posibilitase a realización de actividades de consumo recollendo a realidade existente en atención ás necesidades dos seus socios e á comunidade do seu contorno.

- **Cooperativa de Explotación en común da Terra:** Son cooperativas de explotación comunitaria da terra as que asocian titulares de dereitos de usos e aproveitamento de bens susceptibles de explotación agraria, que ceden os ditos dereitos á cooperativa e que prestan ou non o seu traballo nela, así como a quen, sen ceder ningún dereito de gozo, vai prestar o seu traballo nela, co obxecto de xestionar unha única empresa ou explotación agraria, na que tamén poderán integrarse os bens que, por calquera título, posúa a cooperativa.

Poderán desenvolver calquera actividade dirixida ao cumprimento do seu obxecto social tanto as dedicadas directamente á obtención de produtos agrarios como as preparatorias destas e as que teñan por obxecto constituír ou perfeccionar a explotación en todos os seus elementos, así como as de recollida, almacenamento, tipificación, transporte, distribución e venda, por xunto ou directamente ao consumidor ou consumidora, dos produtos da súa explotación e, en xeral, cantas sexan propias da actividade agraria ou sexan antecedentes, complemento ou consecuencia directa delas.

- **Cooperativa de Vivenda:** As cooperativas de vivendas están constituídas principal e maioritariamente por persoas físicas que precisan aloxamento e/ou

locais para si e as persoas que convivan con elas. Tamén poden ser persoas socias os entes públicos, os entes sen ánimo de lucro mercantil e as cooperativas que precisen aloxamento para aquelas persoas dependentes deles que teñan que residir, por razón do seu traballo ou función, nos arredores dunha promoción cooperativa ou que precisen locais para o desenvolvemento das súas actividades. Teñen por obxecto procurar vivendas preferentemente habituais e/ou locais para as súas persoas socias. Tamén poderán ter por obxecto procurar edificacións e instalacións complementarias, e rehabilitación de vivendas, locais, elementos, zonas ou edificacións e instalacións complementarias.

Para o cumprimento do seu obxecto social, poden desenvolver cantas actividades sexan necesarias. A propiedade ou o uso e gozo das vivendas e locais poderán serlles adxudicados ou cedidos ás persoas socias mediante calquera título admitido en dereito.

- Cooperativas Mixtas (non desenvolvida legalmente en Galicia): Son aquelas que comparten características de distintas clases permitindo a coexistencia de persoas socias traballadoras con socias consumidoras e/ou produtoras. Neste tipo de cooperativas poden confluír diversos obxectos sociais e promover a máxima integración de intereses dos distintos colectivos que a integran, debendo os seus estatutos sociais fixar os criterios para unha relación equitativa e proporcional entre as persoas socias que desenvolven cada unha das actividades. Unha fórmula que permitiría explorar a oportunidade de compartir espazos tanto no rural como no urbano para actividades complementarias.

- Cooperativas Rurais (non desenvolvida legalmente en Galicia): Segundo a Lei 4/2017, do 30 de novembro, de Microempresas Cooperativas e Cooperativas Rurais de Castela-A Mancha, pola que se modifica a Lei 11/2010, do 4 de novembro, de Cooperativas de Castela-A Mancha, as cooperativas rurais son unha clase de cooperativa que tendo domicilio social en municipios de Castela-A Mancha cunha poboación igual ou inferior a 15.000 habitantes, asocia a persoas físicas ou xurídicas e ten por obxecto a realización de actividades e prestación de servizos

que melloren económica, social e tecnicamente á propia cooperativa, ás persoas e entidades socias da mesma ou ás terceiras persoas da súa contorna social e axuden á dinamización, o desenvolvemento, a transformación e a xeración de valor no medio rural, aumentando a calidade de vida e a igualdade de oportunidades das persoas vinculadas á cooperativa, fomentado o desenvolvemento sostible do medio rural.

Para o cumprimento do seu obxecto social desenvolverán, polo menos, dúas das actividades económicas ou sociais que sexan propias de calquera outra clase de cooperativas das reguladas na Lei 11/2010, sempre que as mesmas se refiran a actividades agroalimentarias, explotación comunitaria da terra, servizos educativos, culturais, asistenciais, de iniciativa ou de integración social, actividades de consumo, turismo rural, lecer e tempo libre, accións ambientais, enerxéticas, novas tecnoloxías, protección da dependencia e/ou calquera outras actividades de igual ou similar natureza, que redunden en beneficio do medio rural (art. 19).

Como poñer en marcha unha cooperativa?

O paso previo para a posta en marcha dun proxecto cooperativo é que o grupo promotor leve a cabo a análise da viabilidade da idea mediante o desenvolvemento dun [Plan de empresa](#)¹ no que participe todo o grupo.

Unha vez levado a cabo este estudo (de mercado, organizativo e financeiro) e coñecendo o grupo polo miúdo as [características da fórmula cooperativa](#)², pódense iniciar os trámites para a constitución da mesma.

A secuencia dos pasos a seguir sería a seguinte:

- 1| Configurar un grupo promotor cooperativo.
- 2| Análise da viabilidade da idea.

¹ Plan de empresa: <https://consolidaes.com/Inicio.php>

² Manual de formación para socias e socios: <https://espazo.coop/recursos/manual-de-formacion-para-sociasos-de-cooperativas-de-traballo-asociado/>

- 3| Solicitud de nome³ da cooperativa.
- 4| Elaboración do proxecto de estatutos sociais (modelo de estatutos segundo a tipoloxía de cooperativa⁴).
- 5| Celebración da asemblea constituínte.
- 6| Cualificación previa do proxecto de estatutos.
- 7| Solicitud de CIF provisional⁵.
- 8| Apertura dunha conta bancaria. Achegas iniciais ao capital social. Certificado.
- 9| Escritura pública de constitución ante notario/a, excepto para as cooperativas xuvenís. Os aranceis están bonificados segundo Disp. adicional terceira da Lei de Cooperativas de Galicia.
- 10| Liquidación do I.T.P.A.X.D. (Exento para as cooperativas)⁶.
- 11| Solicitud de inscrición no Rexistro de Cooperativas.
- 12| Solicitud do CIF definitivo (Axencia Tributaria Estatal).
- 13| Documentación social: Libro de rexistro de persoas socias – libro de actas da asemblea xeral – Libro de actas do consello reitor – outros libros.
- 14| Resto de trámites de inicio de actividade: Declaración censal, inicio de actividade, alta na seguridade social, permiso municipal de apertura de establecemento, comunicación de apertura do centro de traballo, libros de visitas da inspección de traballo e seguridade social, etc.

³ Solicitud nome da cooperativa: https://www.mites.gob.es/ficheros/ministerio/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/Regsociedades/Modelos/MODELO_certificacion_negativa_denominacion1.pdf

⁴ Rexistro Virtual cooperativas de Galicia: https://emprego.xunta.es/lrpro/web/av_cooperativas/modelos-de-estatutos

⁵ Axencia Estatal Tributaria: <https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/tramitacion/G322.shtml>

⁶ Axencia Tributaria Galega: https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Transmisi%C3%B3ns+patrimoniais+e+actos+xur%C3%ADdicos+documentados/11609739/4126995/30852231/l/item-brown

1.1. POTENCIALIDADES SECTORIAIS NO COOPERATIVISMO

Tal e como apuntan as profesoras Paloma Bel e M^a José Cabaleiro⁷, *“as teses de desenvolvemento rural sostible baséanse na súa consideración como un concepto dinámico que engloba o crecemento e desenvolvemento económico, o benestar social e a preservación do medio natural” (Grupo de Traballo do Goberno de Noruega, 1994). Esta formulación comprende tres aspectos distintos aos que afecta o cualificativo sostible: o aspecto ecolóxico, o aspecto económico e o aspecto social (Berga Monge, A., 1997).*

“Para que se produza o desenvolvemento das áreas rurais é necesario o crecemento económico co fin de satisfacer as necesidades da poboación. Cando este crecemento prodúcese sen ter en conta os posibles danos futuros que ocasiona a sobreexplotación dos recursos, está a limitarse a supervivencia futura seguindo o mesmo esquema de desenvolvemento.

A desaparición dos recursos naturais como consecuencia da súa excesiva utilización prodúcese cando nos procesos de crecemento económico antepóñense os obxectivos de rendibilidade a curto prazo en lugar dunha axeitada planificación a longo prazo, seguindo criterios que permitan manter o equilibrio dos recursos naturais.

As ideas de desenvolvemento rural sostible baséanse, por tanto, na procura do equilibrio entre as decisións económicas e ecolóxicas, pois no mundo real as relacións de causa e efecto entre unhas e outras son un feito (Comisión Mundial do medio Ambiente e do Desenvolvemento, 1992). Nestas formulacións subxace a idea de que a preservación da natureza non debe supoñer, en todo caso, renunciar ao crecemento económico, sendo necesaria a procura de alternativas compatibles a ambas as contornas por parte das empresas”.

Históricamente, o cooperativismo no mundo rural vai da man do financiamento,

⁷ La sociedad cooperativa: fórmula empresarial idónea para el desarrollo rural endógeno y sostenible, PALOMA BEL DURÁN (*), M.^a JOSÉ CABALEARO CASAL (**), Revista española de estudios agrosociales y pesqueros, ISSN 1575-1198, N^o 194, 2002, págs. 9-26

dende que no século XIX en Alemaña se configuran as caixas rurais de préstamo para dar resposta ás necesidades financeiras dos agricultores e que propician o nacemento das cooperativas agrarias para outro tipo de actividades produtivas. Actualmente o modelo de cooperativa agraria está dando paso a modelos de cooperativa de traballo asociado ou de explotación en común da terra con proxectos colectivos e autoxestionados que superan o obxectivo de dotar de canais comerciais á produción agrícola ou gandeira, incorporando tamén novas actividades vencelladas ao rural nun senso amplo e non só no ámbito agro-gandeiro. Ocio, turismo e tempo libre, coidados, pequena industria, comercio de proximidade, coidados, etc.

As principais vantaxes deste modelo seguindo as mesmas autoras son:

- A capacidade para unir a empresarias/os individuais para dispor de potencialidades suficientes na súa adaptación ao cambio tecnolóxico.
- Incorporar actividades diferentes nunha mesma arquitectura ou modelo empresarial.
- Manter o medio ambiente como unha norma de actuación mais, recollida nos seus principios.

Así mesmo, a sociedade cooperativa permitiría alcanzar:

- A capacidade para emprender e desenvolver procesos produtivos, a través da actuación conxunta dos seus socios e socias. A realización de actividades agrarias e non agrarias, para alcanzar o desenvolvemento das áreas rurais, xera unha combinación de procesos produtivos e as súas consecuentes cadeas de valor, o que conduce a un incremento da capacidade emprendedora da poboación rural.
- A disposición para levar a cabo procesos de investigación e desenvolvemento no seu ámbito de actuación. En aplicación do quinto principio cooperativo e, máis concretamente, nos aspectos relativos á educación e a formación, así como a posibilidade de dispoñer de fondos directamente aplicables a estes fins, permite que a sociedade cooperativa se converta na canle adecuada para levar a cabo procesos de investigación e desenvolvemento directamente aplicables ás

actividades que realizan os seus socios e socias.

- A aptitude para incorporar e adaptarse aos cambios derivados dos procesos de investigación e desenvolvemento. Unha vez que se produce a implicación dos actores e a condución dos procesos de investigación e desenvolvemento a través da sociedade, resulta máis sinxelo levar á práctica os resultados obtidos, así como a súa incorporación inmediata á actividade desenvolta.
- A iniciativa para informarse e informar de todos aqueles temas que afecten á súa actividade. A través da sociedade cooperativa, as persoas socias reciben toda a información necesaria para adaptar a súa actividade ás necesidades do mercado, converténdose posteriormente no leito para a súa transmisión ao resto da poboación rural.
- A disposición para colaborar con outros actores en circunstancias semellantes. En aplicación do principio de intercooperación, a colaboración, ao operar a través de sociedades cooperativas, iníciase coa que se produce entre as propias persoas socias, que buscan a satisfacción de necesidades homoxéneas, e esténdese por medio da empresa, que facilita a interconexión de actores sociais en circunstancias semellantes.
- A sensibilidade para ser capaz de manter os obxectivos propiamente económicos sen condicionar a conservación do medio ambiente, que será, na maior parte dos casos, a base da súa economía. O sétimo principio cooperativo, incorporado tras a reformulación efectuada no Congreso de Manchester (ACI, 1995), fai referencia a que as sociedades cooperativas compaxinan a súa actividade empresarial co mantemento do medio no que actúan.

Pola súa banda, a Confederación Española de Cooperativas de Traballo Asociado (COCETA), destaca o papel da Economía Social e do cooperativismo como facilitador de melloras na loita fronte ao reto demográfico, que foi reiteradamente recoñecido polo Goberno español, un exemplo deste feito é a aprobación do RD 1234/2018, o cal estableceu as bases reguladoras para a concesión directa de subvencións a entidades locais para o financiamento de proxectos de emprego, autoemprego e emprego colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poba-

ción (axudas EMP- POEJ). Con este programa apoíouse a mozas e mozos emprendedoras/es para crear o seu propio emprego, entre outras fórmulas, a través de cooperativas de traballo.

Por iso, COCETA considera que unha maior implantación do modelo empresarial cooperativo no ámbito da España “despoboada” pode contribuír a restituír nalgúns zonas e mellorar, noutras, a tendencia de destrución de emprego.

A creación de proxectos empresariais a través de cooperativas de traballo permite:

- a) Recuperar tradicións ancestrais, como a artesanía, a gastronomía.
- b) O cultivo a través de métodos biolóxicos.
- c) A explotación da riqueza natural e o patrimonio cultural das diferentes rexións españolas dunha maneira responsable, favorecendo un futuro sostible para a España rural.

PRINCIPIOS E VALORES DO COOPERATIVISMO APLICABLES NO ÁMBITO RURAL

COOPERATIVISMO	APLICACIÓN NO MEDIO RURAL
Cooperación e axuda mutua	Colaboración para o emprendemento, compartir recursos, espazos e servizos.
Formación e educación	Impulsando a innovación e o desenvolvemento de novos produtos/servizos con base no rural.
Libre Adhesión	Apertura dos proxectos a novas incorporacións de novos/as poadores /as.
Intercooperación	Cooperación entre distintas entidades para promover novos retos e desafíos.
Interese pola comunidade	Arraigo no territorio, preocupación pola contorna e polo patrimonio cultural e ambiental.

Fonte: Elaboración propia

Porén, tanto os cambios ambientais, sociais e tecnolóxicos experimentados pola nosa

sociedade, como máis recentemente a crise económica e social derivada da Covid19, prantexan novos retos e desafíos para o cooperativismo, ao tempo que posibles oportunidades que demandan enxergar novos xacementos de actividade para os distintos colectivos que a raíz desta crise van quedar no desemprego. Cómpre, polo tanto, reflexionar sobre as posibilidades que brinda o modelo cooperativo para estruturar ou impulsar novos sectores económicos e xerar riqueza e emprego, detectando posibles xacementos de emprego e alternativas de emprendemento para novas cooperativas ou para proxectos que poden incrementar dimensión e crear a súa vez novos empregos, especialmente no ámbito rural.

Dende Espazocoop queremos avaliar as oportunidades que ofrecen diversos sectores, entre os que se atopan as oportunidades no repoboamento rural, que podan ser unha alternativa ocupacional e de emprendemento, diante das novas circunstancias marcadas pola pandemia e na que se constata un interese manifesto pola volta á natureza, espazos libres e entorno rural. Valga como exemplo o incremento exponencial de grupos, redes e iniciativas vencelladas ao repoboamento rural que despertan un claro interese entre a cidadanía (Unha mostra: Na rede social Facebook o grupo “Repoblar-Reiniciar” que nace a finais de outubro de 2020 conta na actualidade con 27.400 membros).



2 • ANTECEDENTES

Para realización deste plan tomáronse como referencias diferentes análises feitas, así como o Plan de Recuperación e Resiliencia do Goberno de España, o Plan de recuperación 130 medidas fronte ao reto demográfico, o Informe Desplombamiento y Desarrollo Rural, propostas desde la Economía Social , entre outros estudos, informes sectoriais, artigos, etc. nomeados na bibliografía deste plan.

Por outro lado, serviron de base tamén os datos recabados das cooperativas socias de ESPAZOCOOP, Unión de cooperativas Galegas, con presenza no ámbito rural:

Nº	NOME COOPERATIVA	MUNI-CIPIO	CP	PROV.	DATA CONST.	ACTIVIDADE	WWW	MUNI-CIPIO RURAL DESPO-BOACIÓN
1	Seragro, S. Coop. Galega	Ames	15895	A Coruña	22/01/2001	Servizos agropecuarios	http://www.seragro.es/	ZIP alta
2	Cunde, S. Coop. Galega	Ames	15895	A Coruña	08/06/2015	xestión de espectáculos, axencia de colocación de artistas	www.cunde.gal	ZIP alta
3	Xarda, S. Coop. Galega	Ames	15220	A Coruña	16/01/2020	Comunicación e produción audiovisual	www.xarda.gal	ZIP alta
4	Almeiro, S. Coop. (nome comercial Ben curiosa)	Arteixo	15142	A Coruña	25/07/2019	Deseño e desenvolvemento de proxectos culturais, algúns ligados á tecnoloxía. Comercializa baixo a marca BenCuriosa	www.bencuriosa.gal	ZIP alta
5	Kibutz, S. Coop. Galega	Arteixo	15141	A Coruña	02/07/2018	Actividades de impulso á vida saudable, bioconstrución, permeacultura	www.kibutz.es	ZIP alta
6	Melandrainas Creativa, S. Coop. Galega	Arteixo	15141	A Coruña	27/11/2012	Café Teatro		ZIP alta
7	Comparte Galicia, S. Coop. Galega	Betanzos	15300	A Coruña	19/12/2019	Comercio de prantas ornamentais	DAGGACBD.es	ZIP alta
8	Sonaxe, S. Coop. Galega	Boiro	15930	A Coruña	26/06/2008	Producción musical	www.sonaxe.com	ZIP alta
9	Triwus, S. Coop. Galega	Boiro	15930	A Coruña	02/03/2017	Deseño web, de software, gráfico e consultoría estratéxica	www.triwus.com	ZIP alta
10	Colexio Eduardo Pondal, S. Coop. Galega	Cangas	36940	Pontevedra	25/11/1980	Educación	www.eduardopondal.com	ZIP alta

11	Colexio Vila do Arenteiro, S. Coop. Galega	Carballiño	32500	Ourense	21/04/1986	Educación	www.viladoarenteiro.com	ZIP alta
12	Aventeira, S. Coop. Galega Xuvenil	Fene	15500	A Coruña	10/01/2019	Educación no tempo libre, formación, campamentos	www.aventeira.com	ZIP alta
13	Colexio Jorge Juan, S. Coop. Galega	Fene (Perlio)	15500	A Coruña	28/09/1987	Educación	www.colexiojorgejuanperlio.com	ZIP alta
14	Colexio Ferroviario, S. Coop. Galega	Monforte de Lemos	27400	Lugo	14/11/1986	Educación	www.colexioferroviario.com	ZIP alta
15	Gyleven, S. Coop. Galega	Mos	36416	Pontevedra	13/11/2019	Programación y consultoría informática. Proceso de datos	www.gyleven.com	ZIP alta
16	Ardora, S. Coop. Galega	Nigrán	36370	Pontevedra	21/09/2006	Consultoría de formación e proxectos	www.ardoraformacion.com	ZIP alta
17	Colexio Angel de la Guarda (A Medoña, S.Coop.)	Nigrán	36391	Pontevedra	30/06/1981	Educación	www.colegioaguarda.com/index.php	ZIP alta
18	Fylsem Asesores, S. Coop. Galega	O Porriño	36400	Pontevedra	27/02/2013	Asesoría de Empresas. Actividades de contabilidad, laboral e fiscal	www.fylsem.es	ZIP alta
19	Maier Ferroplast, S. Coop. Galega	O Porriño	36400	Pontevedra	19/06/2012	Transformación de termoplásticos para el sector do automóvil	www.maier.es	ZIP alta
20	Colexio Santo Tomás, S. Coop. Galega	O Porriño	36410	Pontevedra	12/01/1982	Educación	www.colexiosantotomas.com	ZIP alta
21	Arquipélagos, S. Coop. Galega	Ponteareas	36865	Pontevedra	18/05/2015	producción agroecolóxica de froita e hortalizas. Formación.		ZIP alta
22	San Martín de Moreira, S. Coop. Galega	Ponteareas	36863	Pontevedra	30/08/1982	Madereira		ZIP alta

23	Cal3 fotografía, S. Coop. Galega	Redondela	36800	Pontevedra	27/09/2017	Estudio de fotografía, formación y asesoramiento	www.cal3foto.com	ZIP alta
24	Colexio Abrente (Adigna, S. Coop Galega)	Sanxenxo	36979	Pontevedra	18/04/1986	Educación	www.colexioabrente.com	ZIP alta
25	O Besbello, S. Coop. Galega	Teo	15883	A Coruña	09/12/2018	Hostelería. Actividades culturais	Facebook: O Besbello S. Coop. Galega	ZIP alta
26	Apoio, S. Coop. Galega	Verín	32600	Ourense	02/05/2012	Consultoría e formación para o emprendemento	www.redeapoio.com	ZIP alta
27	Dalle que dalle, S. Coop. Galega	Vilagarcía de Arousa	36600	Pontevedra	14/03/2014	Xestión de coworking e organización de actividades formativas	www.dallequedalle.com // facebook.com/dallequedalle-cooperativa	ZIP alta
28	Nosa Enerxía, S. Coop. Galega	Vilagarcía de Arousa	36619	Pontevedra	13/02/2014	Energías renovables: xeración, comercialización e outros servizos	www.nosaenerxia.es/com	ZIP alta
29	Colexio Landro, S. Coop. Galega	Viveiro	27850	Lugo	18/11/1993	Educación	www.colexiolandro.com	ZIP alta
30	O Alcouve da Moura, S. Coop. Galega	A Guarda	36789	Pontevedra	04/06/2020	agrícola	facebook: oalcouvedamoura	ZIP baixa
31	Electrotel, S. Coop. Galega	Burela	27880	Lugo	02/04/2014	Venda de produtos electricidade e instalacións		ZIP baixa
32	Sons da Costa, S. Coop. Galega	Cee	15270	A Coruña	20/09/2012	Xestión e administración de servizos educativos. Escola música de Cee.		ZIP baixa
33	Nova Works Consulting, S. Coop. Galega	Corcubión	15130	A Coruña	21/07/2011	Comunicación, consultoría xestión, formación e recursos humanos	www.novaworks-consulting.com	ZIP baixa
34	Autologic, S. Coop. Galega	Gondomar	36380	Pontevedra	06/11/2019	Taller electro-mecánico de vehículos	Facebook/Instagram: autologic-gon	ZIP baixa
35	Intergal, S. Coop. Galega	Gondomar	36388	Pontevedra	02/09/1999	Servicios integrais novas tecnoloxias	www.intergal-coop.com	ZIP baixa

36	MilRamas, S. Coop. Galega	Gondomar	36388	Pontevedra	09/10/2018	Educación non formal e actividades recreativas	www.milramas.org	ZIP baixa
37	A Factoría Atelier, S. Coop. Galega	O Grove	36988	Pontevedra	14/02/2019	Restauración de mobles e produción de obxectos de decoración. Venda online	@afactoriaogrove /instagram: ateliercoop	ZIP baixa
38	Colexio Luis Vives Pontevedume, S. Coop. Galega	Pontevedume	15600	A Coruña	03/08/1982	Educación	www.cprluisvives.e	ZIP baixa
39	Anacos de Vidro, S. Coop. Galega	Ribadumia	36636	Pontevedra	18/08/2010	Manipulado de vidro		ZIP baixa
40	Colexio Santiago Apóstol, S. Coop. Galega	Soutomaíor	36691	Pontevedra	11/10/1975	Educación	www.colegiosantiago.es	ZIP baixa
41	Fermento, S. Coop. Galega	Tui	36700	Pontevedra	11/05/2017	Producción audiovisual, cinematográfica, musical e discográfica. Asistencia tca. De son e vídeo		ZIP baixa
42	Instalacións Antelco, S. Coop.	Xinzo de Limia	32630	Ourense	21/06/2005	Instalacións eléctricas, montaxe de naves gandeiras	administración@instalacionesantelco.com	ZIP baixa
43	Limia Xestión, S. Coop. Galega	Xinzo de Limia	32630	Ourense	09/10/2009	Asesoría, consultoría, xestión administrativa	www.limiaxestion.com	ZIP baixa
44	Xiama, S. Coop. Galega	Xinzo de Limia	32630	Ourense	09/06/1987	Asesoría de empresas (laboral, fiscal, contable)	http://www.xiama.es/	ZIP baixa
45	A Flor da vida, S. Coop. Galega	Bergondo	15165	A Coruña	10/07/2020	Xestión de xardín, hortas, espazos verdes; fabricación de produtos en madeira	aflordavidapermacultura.blogspot.com	ZPP alta
46	Suseia, S. Coop. Galega	Brión	15865	A Coruña	12/12/2019	Produción de programa de televisión e audiovisuais		ZPP alta
47	Galicamper, S. Coop. Galega	Carral	15175	A Coruña	30/01/2020	Compra e aluguer, mantemento e serv. Parquing autocaravanas		ZPP alta

48	Como Cabras, S. Coop. Galega	Castro Caldelas	32760	Ourense	21/06/2004	Ganadería caprina, quesos de cabra		ZPP alta
49	Equal, S. Coop. Galega	Coles	32152	Ourense	24/02/2000	Educación ambiental	www.centroequal.com	ZPP alta
50	Pulponor, S. Coop. Galega	Muros	15240	A Coruña	13/02/2014	Almacenaxe, venda e distribución de produtos conxelados		ZPP alta
51	Colexio Guillelme Brown, S. Coop. Galega	Pereiro de Aguiar	32710	Ourense	05/05/1987	Educación	www.guillmebrown.es	ZPP alta
52	Flores Vivas, S. Coop. Galega	Tomiño	36791	Pontevedra	17/10/2019	Venda maiorista de flor cortada		ZPP alta
53	Gabinete técnico Terra Cha, S. Coop. Galega	Vilalba	27800	Lugo	20/08/2001	Enxeñería técnica e veterinaria	http://gabineteterracha.com/	ZPP alta
54	Nytia, S. Coop. Galega	A Cañiza	36880	Pontevedra	21/02/2020	Elaboración e venda de bisutería, plantas medicinais, equipamento deportivo e formación para a saúde alimentarios	www.nytia.es	ZPP baixa
55	Fonsasis, S. Coop. Galega	A Fonsagrada	27100	Lugo	17/07/2001	Axuda a domicilio persoas dependentes e servizo de limpeza		ZPP baixa
56	Desing D Raiz, S. Coop.	Aranga	15317	A Coruña	06/09/2018	Confección de outras prendas de vestir e accesorios	www.d-raiz.com	ZPP baixa
57	Teceleiras, S. Coop. Galega	Aranga	15317	A Coruña	30/05/2019	Formación. Cría de aves e transformación de produtos agric.		ZPP baixa
58	Árbore arqueoloxía, S. Coop	Campo Lameiro	36119	Pontevedra	31/05/2018	Arqueoloxía técnica e didáctica do patrimonio		ZPP baixa
59	Nakeep, S. Coop. Galega	Cerceda	15185	A Coruña	15/11/2018	Comercialización de produtos eco-responsables, por internet	www.fieito.com	ZPP baixa

60	Labrecos, S. Coop. Galega	Cesuras	15391	A Coruña	05/04/2020	Horta e gandería ecolóxicas	!	ZPP baixa
61	Confeccións Os Muiños, S. Coop.	Muxía	15125	A Coruña	10/02/1988	Confección textil industrial		ZPP baixa
62	Lento, s. Coop. Galega	Negueira de Muñiz	27113	Lugo	07/02/2020	Elaboración e venda de produtos de panadería e repostaría		ZPP baixa
63	Ribeira do Navia, S. Coop. Galega	Negueira de Muñiz	27113	Lugo	19/10/2010	Cultivo, transformación e venda de produtos de alimentación en ecolóxico	facebook: ribeire-gas	ZPP baixa
64	OteuCarón, S. Coop.	Nogueira de Ramuín	32160	Ourense	12/07/2012	Servizos sociais. Axuda no fogar		ZPP baixa
65	Milhulloa, S. Coop. Galega	Palas de Rei	27204	Lugo	09/05/2001	Cultivo de prantas medicinais, deshidratado de verduras	http://www.milhulloa.es/	ZPP baixa
66	Daiquí, S. Coop. Galega	Rairiz de Veiga	32652	Ourense	16/02/2009	Agricultura ecoloxica. Venda on-line	http://www.daiqui.com/	ZPP baixa
67	Amarelas, S. Coop. Galega	Silleda	36540	Pontevedra	15/03/2018	Ocio e turismo; formación e desenvolvemento local	www.amarelas.es/ // facebook: Amarelas, S. Coop. Galega	ZPP baixa
68	Bicada viti-vinícola, S. Coop. Galega	Sober	27421	Lugo	07/07/2020	Servizos tcos e formación vitivinícolas, elaboración de vino		ZPP baixa
69	Contruccións Meras, S. Coop.	Allariz	32660	Ourense	29/05/2009	Construcción	http://www.meras.es/	ZPP intermedia
70	Xeitura Xestión do patrimonio cultural, S. Coop. Galega	Allariz	32660	Ourense	14/04/2014	Servizos culturais e de ocio. Xestión do patrimonio	www.xeituraxestion.com	ZPP intermedia
71	Berce patrimonial, S. Coop. Galega	Arzúa	15819	A Coruña	14/01/2019	Construción e interiorismo		ZPP intermedia

72	Cuarto de inverno, S. Coop.	Arzúa	15810	A Coruña	20/11/2019	Editora e servizos editoriais	www.cuartodeinverno.com	ZPP intermedia
73	Colexio Sagrado Corazón, S. Coop. Galega	Celanova	32800	Ourense	02/10/1986	Educación	www.sagradocorazoncelanova.com	ZPP intermedia
74	Sisargas, S. Coop. Galega	Malpica de Bergantiños	15113	A Coruña	15/02/2019	Xestión do camping de Malpica e outros espazos de lecer	www.campingsisargas.com	ZPP intermedia

Os principais antecedentes sobre as posibilidades reais que ofrece o modelo cooperativo no ámbito rural están moi presentes na realidade galega e española a través das cooperativas agrarias, acadando unha ampla incidencia en sectores como avícola, cunicultura, vitivinícola, leite, horta e flor, etc., así como as cooperativas de servizos xurdidas dende a propia cooperativa (CUMA,s, Pensos, etc.), seccións de crédito e banca cooperativa (Caixa Rural Galega), e cooperativas de traballo asociado para servizos profesionais vencellados: veterinaria, enxeñería agrícola e forestal, silvicultura, etc.

Non podemos esquecer neste informe, o legado e visión de futuro das persoas que nos precederon á hora de apostar polo cooperativismo como ferramenta de mellora da calidade de vida da poboación rural. Xa no ano 1971 o mestre agrarista e cooperativista Avelino Pousa Antelo⁸: baixo o título “Valen ou non as cooperativas de explotación comunitaria para o campo galego?” En 1971 apunta as potencialidades do modelo cooperativo para o rural galego.

Nela, Pousa Antelo sintetiza en apenas 137 páxinas, apoiando con datos da época e cunha prosa sinxela propia da experiencia didáctica, o seu pensamento cooperativista. **“As cooperativas son a gran oportunidade pra a Galicia rural: son a única oportunidade, penso que debemos dicir”**, afirma don Avelino. Como acerta a sinalar

⁸ ¿Valen ou non as cooperativas comunitarias para o campo galego? (1971), POUSA ANTELO, Avelino

Valentín Arias, Pousa Antelo concibe o cooperativismo non só como medio de produción (fronte ao capitalismo) senón case máis como filosofía de vida, pasando pola realización educativa (cooperación contra competición).

Como mostra desta realidade, especialmente interesante o caso das seccións de crédito na comarca de Ferrolterra, coas cooperativas do Val, Meirás ou Cobas como principais exponentes, auténticas dinamizadoras de todo o territorio, con extensión até a propia cidade departamental. Nalgúns casos, a propia cooperativa foi quen de poñer en marcha proxectos e servizos de interese para as persoas socias a través de Fundacións, como no caso da Fundación Terra de Trasancos que se configura como a sección de obra social da Cooperativa do Val dende 1992. Nela materialízase a achega da Cooperativa á contorna socioeconómica da comarca de Ferrolterra, co obxectivo de ser un centro de servizos sanitarios, culturais e sociais para os socios e socias.

A Fundación está promovida e soportada pola Cooperativa do Val, a Corporación Municipal de Narón e varias iniciativas particulares.

Dende as cooperativas agrarias téñense impulsado outros servizos de interese para as persoas socias como supermercados especializados en agro-gandaría, gasolineras, etc., sendo a miúdo a cooperativa un elemento de primeira orde na dinamización económica e social do territorio.

Por outra banda, os proxectos cooperativos de traballo asociado, adicados á prestación de servizos en contornas rurais teñen longa tradición: colexios, coidados, madeira, ocio e tempo libre, educación ambiental, etc., pero comeza a verse agromar unha mancha de proxectos vencellados tamén á produción agro-gandeira especializada: queixerías, produción horta, cosmética, patrimonio, produción ecolóxica, ou aqueles que non precisan de moitas infraestruturas de inmovilizado, vencellados a novas actividades dixitais.

No presente plan centrarémonos na análise de oportunidades tendo en conta as características e casuística no territorio galego, pero tendo tamén como referencias as perspectivas a nivel do estado, de tal xeito que as tendencias xerais sexan tidas en conta á hora de avaliar as posibilidades de promoción do cooperativismo no sector rural galego, tanto no seu ámbito físico como dixital.



3

● **OBXECTIVOS:**

O obxectivo principal deste plan é o de contribuír á loitar contra o imparable avance do despoboamento nos territorios considerados rurais (dende o ano 2001 ata o 2018 perderon poboación o 63% dos municipios españois. Estas perdas afectan a case o 90% do municipios de menos de 1.000 habitantes). Así mesmo existe unha persistente falta de infraestruturas, de medios e axudas que posibiliten a fixación da poboación nestas áreas e freen de verdade o éxodo de persoas cara a outras zonas con maiores garantías de prosperidade e emprego.

Dende o movemento cooperativo, o principal obxectivo é incidir positivamente, a través das cooperativas de distintas clases, nas Zonas Rurais a Revitalizar. A diferenza doutros plans estratéxicos sectoriais abordados por Espazocoop, a finalidade da análise neste plan non é tanto detectar e definir as oportunidades dun sector

concreto como dun territorio, o que dificulta en parte a diagnose, xa que son moitas as oportunidades, como tamén son moitos os retos aos que se enfrontan as cooperativas que se localizan no ámbito rural.

O tamaño medio das cooperativas que operan no ámbito rural é moi variado, coincidindo grandes cooperativas agrarias, mesmo cooperativas de segundo ou ulterior grao con cooperativas de traballo asociado (micropemes), así como as súas actividades, vencelladas principalmente ao sector produción agro-gandeira e/ou forestal con prestación de distintos servizos (ocio e tempo libre, coidados, comercio polo miúdo, hostalaría, ensino, formación, asesoría, industriais ou semi-industriais, etc.) o que complica aínda máis unha análise polo miúdo de oportunidades.

Non predominan tampouco as estratexias de cooperación entre cooperativas de distintas clases, salvo contadas excepcións, que poderían facilitar a detección de necesidades comúns, a prestación de servizos vencellados ás necesidades presentes ou futuras de cooperativas tractoras ou de maior dimensión, a asunción conxunta ou mancomunada de espazos físicos, compartindo os gastos de arrendamento, a asunción conxunta de servizos especializados.

E xa apuntados noutros plans desta serie, a oportunidade de poñer en valor terreos ou infraestruturas infrautilizados ou en desuso con producións ou prestacións de servizos diversos, así como ocupar espazos dispoñibles por parte das propias cooperativas de maior dimensión ou da administración autonómica, provincial ou local en centros ou viveiros de empresa vencellados ao ámbito rural permitirían dotar ao cooperativismo e á Economía Social de visibilidade, mellorando a presenza e agrupando iniciativas que fomentarían a bo seguro as redes de colaboración.

Finalmente confirmar se as tendencias que se apuntaban nestes últimos meses, como os cambios transitorios de domicilio que poden estarse a dar como resposta á pandemia, promovidos pola extensión do traballo a distancia, as iniciativas de rehabilitación de vivendas para proxectos de co-housing, a posta en valor de terreos para


novas producións de horta para consumo de proximidade, son oportunidades reais con efectos de importancia na xeración de novos empregos no rural ou froito dunha moda pasaxeira ou situación puntual que vai minorar no momento que se consolide a desescalada e volta a nova normalidade.



Para abordar a análise, os elementos obxecto de estudo foron:

1. Coñecer dificultades e retos que xurdiron nos últimos anos e que xorden na actualidade da crise da pandemia COVID-19 para as cooperativas culturais.
2. Medidas tecnolóxicas implantadas coa situación COVID-19 e como as cooperativas culturais e as persoas socias e traballadoras responderon ou se viron afectadas polas mesmas, e cales poden ser oportunidades para seguir abordando, mellorando e xerar oportunidades e/ou fortalezas.
3. Determinar as medidas que se puxeron en marcha nas cooperativas para tratar de solucionar as dificultades e retos planeados, conxugando as necesidades da cooperativa coas das persoas socias en base aos principios cooperativos.
4. Verificar se as medidas legais establecidas supuxeron algunha mellora ou non nas condicións laborais das mulleres socias traballadoras.
5. Seleccionar casos de boas prácticas establecidos polas cooperativas para continuar coas actividades culturais.
6. Establecer se o cooperativismo pode ofrecer alternativas e novos xacementos de empregos e emprendemento no ámbito cultural, especialmente para as cooperativas musicais ou de profesionais vinculantes.

-
7. Buscar respostas colectivas ás necesidades do sector cultural, especialmente danada por esta situación sanitaria e económico, que está a sufrir o sector e sufrirá a medio prazo.
 8. Traballar en medidas estratéxicas, media e longa distancia para seguir consolidando o sector do cooperativismo cultural, ofrecendo outra visión e outra forma de facer e entender a cultura en Galicia.
 9. Establecer un Plan que garanta a supervivencia das cooperativas culturais xa existentes , e a xeración de novas cooperativas , recoñecendo o seu plan estratéxico na construción dun novo modelo cultural en Galicia.



● RADIOGRAFÍA DO SECTOR COOPERATIVO NO ÁMBITO RURAL

Segundo apunta o informe 02/2021 do Consello Económico e Social de España⁹, a despoboación do ámbito rural é un feito que se fai cada día máis evidente e que non é un fenómeno exclusivo dos pequenos municipios en áreas rurais, senón que é tamén visible, e de forma importante, nas cabeceiras de comarca (é dicir, os núcleos funcionais ao redor dos cales se articulan as áreas rurais), en cidades de tamaño medio e pequeno e mesmo en capitais de provincia. Con todo, a maior perda séguese recollendo nas zonas rurais.

⁹ INFORME 02|2021: Un medio rural vivo y sostenible, CES-ESPAÑA

A estrutura da poboación rural segue amosando os desequilibrios xa detectados, como son a menor proporción de nenos e xente nova respecto ao ámbito urbano, e o maior envellecemento. Faise patente a masculinización no tramo de 20 a 60 anos; isto constitúe, pola escaseza de mulleres en idades reprodutivas e en xeral polo desequilibrio na denominada xeración soporte, un dos principais problemas para a pervivencia de moitos pequenos núcleos de poboación. Ao mesmo tempo, é visible a feminización da poboación envellecida, tanto no ámbito rural como no resto. Todo iso, ademais, de maneira moito máis pronunciada nos municipios menores de 5.000 habitantes, mentres que nos máis grandes a estrutura da poboación é máis parecida á que exhiben as contornas urbanas.

A inmigración máis aló das zonas costeiras e as grandes urbes foi unha realidade que cobrou forza dende a recuperación da anterior crise económica. O freo que puido supoñer a pandemia debería ir quedando atrás co restablecemento da actividade económica e a reapertura das fronteiras a medida que melloren as cifras de evolución epidémica. Iso suporá un reto para as políticas de desenvolvemento rural, en tanto que a diversidade cultural implica novas necesidades, empezando polas educativas e formativas, que deberían afrontarse considerando as especiais características das zonas rurais.

Agora ben, en toda esta a evolución da poboación conflúen pautas de longo percorrido, como as inercias demográficas, con novas dinámicas que expresan estilos de vida emerxentes, dotándoa dunha considerable complexidade. Iso reforza a necesidade de abordar as políticas de cohesión e sustentabilidade do medio rural baixo a perspectiva da atención ás persoas, complementando ademais o concepto estrito de poboación residente en cada núcleo concreto polo de poboación vinculada (conxunto de persoas que teñen algún tipo de vinculación cun determinado municipio, xa sexa porque residen, porque traballan ou estudan alí, ou porque pasan nel certas tempadas) e atendendo ao armazón que constitúen as áreas funcionais nas que descansa a vida rural.

Dende unha perspectiva económica, o mesmo informe apunta a que unha das características que define a economía rural é a centralidade do medio físico nas actividades produtivas, cunha importancia significativa das actividades do sector primario (agrario, forestal e pesqueiro) e as industrias alimentarias, tanto en termos de valor engadido e emprego xerado como polo seu papel tractor, vía demanda, para outras industrias e servizos, como o transporte e a loxística, ou pola propia diversificación das unidades produtivas.

Isto condiciona en certa medida, pola menor produtividade das actividades do sector primario, a menor diversificación produtiva ou o menor tamaño do tecido empresarial, un menor nivel de renda por habitante, aínda que neste tamén interveñen a menor dotación de infraestruturas e equipamentos, que inflúen na eficiencia dos procesos produtivos e na xeración de valor. Os últimos datos mostran, ademais, unha posición máis atrasada das áreas rurais en termos de crecemento económico, cun diferencial respecto a as áreas urbanas e intermedias que se ampliou nos últimos anos, o que ampliaría esa brecha de renda.

Doutra banda, non se trata só das cifras actuais de actividades, emprego e empresas no medio rural, porque o forte envellecemento da poboación dá moito peso ás pensións como fonte principal de ingresos, e estas reflicten en boa medida a estrutura económica de moitos decenios atrás: as pensións máis frecuentes son as xeradas na actividade agraria, máis baixas, e con elevada presenza de mulleres con pensión derivada.

Con todo, as últimas tendencias poderían ser distintas. Aínda que non hai aínda datos suficientes para asegurar a situación tras a pandemia, o impacto negativo desta sería menor no medio rural, tanto polo peso das actividades agroalimentarias (que foron consideradas esenciais durante o primeiro estado de alarma e mantiveron un ritmo alto de produción), como por posibles cambios —de momento conxunturais— nas preferencias, cara a un maior consumo de produtos de proximidade e cara ao turismo rural. Ademais, o aumento do teletraballo produciría un eventual aumento de poboación nas áreas rurais, principalmente de persoas con segundas

residencias nas devanditas áreas, que podería verse reflectido en certo aumento da demanda de consumo, impulsor das economías locais, aínda que dende logo tamén nunha maior presión sobre servizos, infraestruturas e equipamentos.

Sempre tomando como referencia o informe do CES, destacan algunhas características clave nas áreas rurais:

1. A importancia do sector agroalimentario como elemento estratéxico de creación de emprego e fixación da poboación, e que alcanza as industrias transformadoras, artesanía, conservas e que pode conectar co sector do ocio e tempo libre, turismo rural e outras actividades vencelladas á rehabilitación e posta en valor do patrimonio, sustentabilidade e medio natural.
2. Especiais dificultades para a promoción do emprego entre as mulleres e a xente nova, con menores oportunidades laborais, dificultades na sucesión de explotacións, falla de infraestruturas ou minifundio nalgúns casos e falla de alternativas emprendedoras en actividades concretas.
3. Incipiente pero insuficiente dixitalización das actividades agroalimentarias e forestais así como dos retos vencellados á mellora da sustentabilidade ambiental e do cambio climático. Melloras nos ámbitos de seguridade alimentaria e benestar animal.
4. Déficit de infraestruturas, tanto de comunicación e transportes como de telecomunicacións, con escasos investimentos na mellora da rede viaria e da tecnoloxía 4 e 5G, o que limita as actividades e o desenvolvemento dos proxectos empresariais. Como mostra, o 87 por 100 dos territorios rurais teñen cobertura de 30Mbps, mentres que a cobertura en velocidades de 100 Mbps ou superior é aínda do 50 por 100.
5. O medio rural segue mostrando importantes déficits en relación ao acceso aos servizos públicos e de proximidade que afectan á cohesión social e territorial, e que se fixeron aínda máis patentes na actual crise económica derivada da pandemia de COVID-19. Algo máis dun terzo dos fogares en municipios de menos de 10.000 habitantes sinala ter dificultades para acceder polo menos a un servizo

público ou de proximidade (tendas de alimentación, servizos bancarios, servizos postais, transporte público, servizos sanitarios ou centros de ensino obrigatorio), unha cuarta parte a dous servizos e un 10 por 100 a tres.

Polo que respecta ao papel que tanto o cooperativismo como a economía social poden xogar neste ámbito, para axudar a combater os efectos da “España Baleirada”, é de primeira orde, ao constituír o principal tecido empresarial de poboacións de pequeno tamaño, nas que fixa a poboación a través de distintas fórmulas empresariais: Cooperativas Agroalimentarias, Empresas de Traballo Asociado, Cooperativas de Crédito ou Consumo, e outros actores da Economía Social que son os provedores de múltiples servizos nas zonas rurais, como os Centros Especiais de Emprego, as Empresas de Inserción, as Asociacións de atención a persoas vulnerables e as Confrarías de Pescadores no rural costeiro ou litoral.

Recentes estudos de CEPES¹⁰ e o Ministerio de Traballo, avalan que un dos efectos positivos da Economía Social sobre as economías locais das zonas rurais concrétese na creación de emprego directo que permite fixar poboación nestas zonas. A oferta de postos de traballo da Economía Social vese apoiada por outros aspectos que inciden de forma positiva na decisión de manter a residencia nestas zonas: a estabilidade do emprego.

Así, na comparación que realiza este rigoroso estudo das traxectorias laborais de traballadores da Economía Social e dun grupo de control de traballadores de empresas mercantís, todos eles residentes en cidades intermedias e zonas rurais, confírmase que as dos primeiros son moito máis estables. O número de traballadores/as que non perdeu o seu emprego no período analizado é da 64,7% fronte ao 35,1% no grupo de control.

¹⁰ Análisis del impacto socioeconómico de los valores y principios de la Economía Social en España. Accesible en: <https://docs.google.com/viewerng/viewer?url=https://www.cepes.es/files/publicaciones/125.pdf>

Ademais, dada a maior propensión da Economía Social a empregar a colectivos con dificultades de acceso ao emprego, a súa contribución á economía rural vese ampliada pola súa maior capacidade para crear emprego para persoas con discapacidade e traballadores/as de maior idade.

O estudo de CEPES demostra ademais que o emprendemento na Economía Social sitúase case por igual en cidades intermedias e zonas rurais e nas grandes cidades, mentres que no caso da economía mercantil, este concéntrase en maior medida nas grandes cidades: **no caso da economía social, un 47,4% situouse en cidades intermedias e zonas rurais** e o 52,6% en grandes cidades; e na economía mercantil, estas porcentaxes son do 35,8% e do 64,2% respectivamente.

Aprécianse tamén diferenzas significativas nos sectores nos que se localizan as novas empresas nas cidades intermedias e zonas rurais. A Economía Social emprende principalmente, e en maior medida que a mercantil, na industria manufactureira, na agricultura, servizos ás empresas, servizos relacionados coa educación, actividades recreativas e de lecer e servizos sociais, **contribuíndo así a diversificar as economías rurais e a asegurar unha oferta mínima e máis variada en sectores crave** para a retención da poboación.

Por tanto, a Economía Social contribúe tamén a achegar valor ás sociedades rurais, a través da diversificación do seu tecido produtivo, aspecto de gran importancia na eficiencia da economía rural e na resiliencia da mesma. As distribucións sectoriais das empresas e entidades de Economía Social e das empresas mercantís en cidades intermedias e zonas rurais poñen de manifesto que a Economía Social está máis dispersa, distribúese de forma máis uniforme pola estrutura produtiva, o que amosa a súa maior capacidade para estar presente en distintas actividades do tecido produtivo rural.

En relación co acceso a servizos básicos, os datos do estudo demostraban que a estrutura produtiva da Economía Social está moito máis axustada ás potenciali-

dades e necesidades da poboación rural, xa que desenvolve determinadas ramas económicas que ben permiten un mellor aproveitamento das potencialidades da economía rural ou ben achegan unha oferta de servizos sociais e educativos que é vital para evitar a perda de poboación.

Finalmente, unha boa mostra do protagonismo do cooperativismo e da Economía Social no desenvolvemento de tecido produtivo e de valor engadido nas economías destas zonas é **o seu peso nas ramas agroalimentarias** (fabricación de aceites e graxa vexetais e animais, fabricación de produtos para a alimentación animal, fabricación de bebidas e procesado e conservación de froitas e hortalizas).

A presenza da Economía Social é **moi significativa tamén en educación infantil, contribuíndo de forma decisiva á existencia dunha oferta mínima de servizos neste nivel educativo, que como xa se sinalou son determinantes na decisión de manter ou fixar a residencia nunha zona rural**. Pero tamén contribúe a unha oferta diversa en educación primaria, secundaria e post secundaria.

Así mesmo, a Economía Social é **maioritaria na oferta de servizos á dependencia en cidades intermedias e zonas rurais. O 60,8% dos oferentes de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores son da Economía Social e no caso das actividades de asistencia en establecementos residenciais (sen coidados sanitarios) as porcentaxes oscilan entre o 43% e o 45%**. Nos servizos sanitarios, aínda que as porcentaxes son inferiores alcanza o 37,5% no caso das actividades hospitalarias.

E respecto a **oferta de servizos culturais ou de lecer e de actividades deportivas, cabe sinalar que case a metade da oferta privada existente nas zonas rurais é de empresas e entidades da Economía Social**.

Constátase polo tanto a importancia da economía social e do cooperativismo en particular, no ámbito rural, garantindo o mantemento de actividades, empresas e empregos e dotando de servizos básicos complementarios ás persoas que permane-

cen asentadas no territorio rural. Podemos afirmar, sen temor a errar, que sen a presenza do cooperativismo no mundo rural galego, a realidade sería moi distinta e peor.

4.1 OPORTUNIDADES DE SUBSECTORES NO RURAL GALEGO

Seguindo os datos da radiografía do sector, preséntanse distintas oportunidades para explorar:

1. Cooperativas de traballo asociado que leven a cabo distintas actividades tanto produtivas como de servizos.
2. Cooperativas Agrarias e de Explotación en Común da Terra.
3. Cooperativas de Vivenda ou consumidores e usuarios para xestionar espazos de co-housing.
4. Cooperativas Mixtas.
5. Cooperativas Rurais.
6. Cooperativas de Plataforma Dixital que ofrezan posibilidade de posta en común de recursos ociosos e persoas.

Analizaremos polo miúdo cada unha destas oportunidades a continuación:

Comezaremos polas **Cooperativas de traballo**.

Tal e como se facía constar en apartados anteriores, só en Espazocoop existen preto de 75 cooperativas ubicadas en zonas rurais de Galicia que desenvolven actividades diversas. Destas, o 40% constituíronse nos últimos 4 anos e o 16% son cooperativas constituídas antes do ano 2000 e pertencentes principalmente ao sector do ensino regrado. No primeiro caso, as de máis recente creación adócanse a actividades como:

Xestión de xardín, hortas, espazos verdes; fabricación de produtos en madeira.
Servizos técnicos e formación vinícola, elaboración de viño.
Agrícola.
Horta e gandaría ecolóxicas.
Elaboración e venda de bixutería, plantas medicinais, equipamento deportivo e formación para a saúde alimentarios.
Elaboración e venda de produtos de panadaría e repostaría.
Compra e aluguer, mantemento e serv. Parquing autocaravanas
Comunicación e produción audiovisual.
Comercio de prantas ornamentais.
Produción de programa de televisión e audiovisuais.
Editora e servizos editoriais.
Programación e consultoría informática. Proceso de datos.
Taller electro-mecánico de vehículos.
Venda maiorista de flor cortada.
Deseño e desenvolvemento de proxectos culturais, algúns ligados á tecnoloxía.
Formación. Cría de aves e transformación de produtos agrícolas.
Xestión do camping de Malpica e outros espazos de lecer.
Restauración de mobles e produción de obxectos de decoración. Venda online.
Construción e interiorismo.
Educación no tempo libre, formación, campamentos.
Hostalaría. Actividades culturais.
Comercialización de produtos eco-responsables, por internet.
Educación non formal e actividades recreativas.
Confección doutras prendas de vestir e accesorios.
Actividades de impulso á vida saudable, bioconstrución, permacultura.
Arqueoloxía técnica e didáctica do patrimonio.
Ocio e turismo; formación e desenvolvemento local.
Estudio de fotografía, formación e asesoramiento.

Producción audiovisual, cinematográfica, musical e discográfica. Asistencia técnica. De son e vídeo.
--

Deseño web, de software, gráfico e consultoría estratéxica.

Xa analizamos en apartados anteriores os aspectos legais e posibles modelos dentro do marco da cooperativa de traballo asociado, como a cooperativa xuvenil ou a cooperativa sen ánimo de lucro que poderían ser de interese para determinadas actividades. O destacable do modelo é -tal e como se pode apreciar na táboa anterior- que calquera actividade pode ser desenvolvida por unha cooperativa de traballo asociado, tanto produtivas, como de servizos diversos atendendo as necesidades da poboación rural ou das persoas que decidan habitar temporal ou permanentemente neste entorno. Destacan as actividades produtivas ou de servizos vencellados a servizos agro-gandeiros, coa posta en marcha de actividades vencelladas a produción audiovisual, deseño web, comercialización vía internet e outros que teñen o dixital como base.

Outras actividades de interese, xa apuntadas noutros documentos desta serie, poderían ser a posta en marcha de espazos para os denominados nómadas dixitais. Espazos de co-working habitualmente no ámbito rural, con adecuación de espazos para profesionais itinerantes, que lle ofrecen servizos mixtos profesionais e habitacionais e que poden ser perfectamente xestionados baixo a fórmula de cooperativas de traballo asociado.

Tamén citados noutros documentos desta serie de plans, as posibilidades de xestión de espazos pouco empregados ou ociosos, cabe salientar as posibilidades da colaboración público-privada mediante a xestión de espazos de titularidade pública a entidades de economía social sen ánimo de lucro (Cooperativas sen ánimo de lucro, Centros Especiais de Emprego ou Empresas de inserción) no ámbito rural. A entidade pública (autonómica, provincial ou local) cede un espazo que pode ser xestionado polas entidades de economía social, tanto para usos socio-sanitarios, como habitacionais, viveiros de empresas, explotación agro-gandeiras ou forestais, etc.

Cómpre salientar aquí dous casos como as das casas do maior na comarca de Bergantiños con posible cesión de espazos municipais infrautilizados e a Finca Valverde propiedade da Deputación de Ourense para o impulso de actividades por parte das entidades da economía social:

<https://www.laregion.es/articulo/ourense/deputacion-destinar-finca-valverde-economia-social/202105221555231032048.html>

Outra posibilidade serían as **Cooperativas agrarias e de explotación en común da terra.**

O modelo de cooperativas agrarias ten xogado e está chamado a xogar un papel chave na produción e sobre todo na comercialización das producións agro-gandeiras. Tal e como apunta o Plan Estratéxico do Cooperativismo Agroalimentario Galego 2020-2030, “As cooperativas agroalimentarias xogan un papel de gran relevancia á hora de axudar aos agricultores para obter unha maior cota do valor engadido na cadea de subministración de alimentos en todos os estados membros da Unión Europea, e a súa función clave é mellorar o poder negociador dos seus membros e permitirlles beneficiarse das economías de escala”. Ademais disto, as cooperativas achegan outras contribucións que reducen os riscos do mercado: reducindo os custos de transacción, proporcionando acceso aos recursos e reforzando a súa posición competitiva mediante a innovación da produción e garantindo a calidade e seguridade dos alimentos.

Entre os seus retos de futuro están o de acadar as dimensións que lles esixen as economías de escada, ampliar actividades cubrindo as necesidades das persoas socias e clientes, cambios e melloras no goberno interno e ampliar as oportunidades de intercooperación con cooperativas da mesma e distinta clase. Existen poucas mostras, pero exitosas, da colaboración entre cooperativas de distinta clase que analizaremos no apartado de boas prácticas.

Polo que se refire as cooperativas de explotación en común da terra, diante da situación de abandono ou infrautilización de parcelas agrarias ou forestais, este modelo permitiría impulsar a posta en valor deste tipo de terreos sen que as persoas propietarias perdan a propiedade, superando o minifundismo e as barreiras tradicionais e complementando iniciativas como as do Banco de Terras, ata o momento con escaso impacto.

Fixación de poboación mediante **Cooperativas de vivenda ou cooperativas de consumidores e usuarios.**

Unha das consecuencias directas da pandemia e que se manifestou con forza nos meses posteriores ao confinamento, foi a volta ao rural, con primeiras ou segundas vivendas de moitas persoas insatisfeitas coa calidade de vida do entorno urbano e que buscaban un novo xeito de habitar, máis en contacto coa natureza, con posibilidade de contar con horta propia fronte aos posibles problemas de desabastecemento de alimentos ou preocupados por unha vida máis saudable.

Así mesmo, a problemática vivida nas residencias de maiores, con elevadas taxas de mortalidade derivadas da pandemia contribuíu á consolidación de grupos promotores de proxectos de co-housing en réxime cooperativo, onde as cooperativas de vivenda, especialmente baixo o réxime de cesión de uso ou baixo a fórmula de cooperativas de consumidores e usuarias poden poñer en valor poboacións ou aldeas abandonadas ou semi-abandonadas, fixando poboación e con demanda de servizos de coidados e atención ás persoas.

Unha cuarta oportunidade a explorar serían as **Cooperativas Mixtas.**

Cunha regulación legal aínda non contemplada en Galicia, si contan con presenza noutras comunidades autónomas, xeralmente en proxectos vencellados ao consumo, onde ademais das persoas que consumen, outras tipoloxías de persoas socias teñen dereito a participar e decidir sobre o rumbo da organización. Trátase

de iniciativas colectivas que permiten tecer proxectos amplos que teñan en conta os diversos retos aos que a organización quere facer fronte. Buscan non só adquirir produtos de proximidade e ecolóxicos en boas condicións de prezo e calidade, senón tamén, por exemplo, xerar postos de traballo dignos ou apoiar aos produtores agrogandeiros locais e a vida rural. Así, é bastante frecuente que as persoas asalariadas e/ou os produtores da zona estean tamén asociados á cooperativa. Neste caso teñen os mesmos dereitos a participar nas asembleas, ou a ser elixidos como membros do consello reitor. Estaríamos, así diante de diversas tipoloxías de socios dentro da mesma cooperativa con diferentes intereses persoais, pero compártese unha mesma perspectiva sobre o modelo. É o caso, por exemplo da cooperativa sevillana A Ortiga, que ten catro tipos de socios: os que consumen, os que traballan, os produtores e os colaboradores.

Outro modelo de interese serían as **Cooperativas Rurais**.

Tampouco contan aínda con amparo legal en Galicia, aínda que si contan con presenza noutras comunidades autónomas e responden ao esquema de cooperativas integrais constituídas en concellos de pequena dimensión e teñen como obxectivo xeral a realización de actividades e prestación de servizos que melloren económica, social e tecnicamente á propia cooperativa, aos socios da mesma ou ás terceiras persoas da súa contorna social, e axuden á dinamización, o desenvolvemento, a transformación e a xeración de valor no medio rural, aumentando a calidade de vida e a igualdade de oportunidades das persoas vinculadas á cooperativa, fomentado o desenvolvemento sostible do medio rural.

O aspecto singular que caracteriza ás novas cooperativas rurais é que deben desenvolver polo menos dúas das actividades económicas ou sociais que sexan propias de calquera outra clase de cooperativas.

En concreto, cando menos, dúas das seguintes:

- a) Actividades agroalimentarias.

- b) Actividades de explotación comunitaria da terra.
- c) Servizos educativos e culturais.
- d) Servizos asistenciais de protección da dependencia, ben de iniciativa social ou ben de integración social.
- e) Actividades de consumo.
- f) Actividades relacionadas co turismo rural, lecer e tempo libre, accións ambientais, enerxéticas, novas tecnoloxías, e/ou calquera outras actividades de igual ou similar natureza, que redunden en beneficio do medio rural.

Esta visión integral permite ás cooperativas rurais desenvolver baixo unha soa estrutura cooperativa, diversas actividades que antes debía organizarse ao redor de diferentes clases de cooperativas.

E finalmente unha oportunidade que se presenta mediante a posta en marcha de **Cooperativas de Plataforma Dixital**.

Tal e como xa se ten comentado noutros plans desta mesma serie, as cooperativas de plataforma dixital son empresas de propiedade cooperativa, gobernadas democraticamente baixo os principios e valores do cooperativismo, que establece unha plataforma dixital e emprega un sitio web, unha aplicación móbil ou un protocolo para facilitar as relacións entre persoas, poñendo a disposición recursos, ofertas de emprego, compras conxuntas, plataformas de venda de bens ou servizos ou compartir recursos. As cooperativas de plataforma son unha alternativa ás plataformas baseadas no modelo mercantil e financiadas por capital risco, na medida en que son propiedade e están gobernadas polas persoas que máis dependen delas: traballadoras, usuarias e outras partes interesadas relevantes.

Calquera dos modelos expostos nos parágrafos anteriores podería servirse das plataformas cooperativas dixitais para poñer en valor terreos, propiedades, edificacións ou vivendas infrautilizados, explorar novas actividades vencelladas ao rural, ofertas de emprego e busca de persoas socias para proxectos e ideas compartidas, estra-

textas de intercooperación, de innovación, etc.

4.2 DAFO DO SECTOR COOPERATIVO RURAL

RETOS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Acceso a vivenda // utilización de terras en desuso. • Falta de infraestruturas para mobilidade, comunicación e transportes. • Dispersión legislativa e pouca claridade para produción e establecemento de negocios. • Falta de capacitación profesional, innovación educativa, atracción de talento e formación para emprender no rural. • Falta de coñecementos para procesos de dixitalización vencellados a novas actividades. • Falta de modelos legais de referencia en Galicia: coops. rurais, integrais. • Descoñecemento de referencias de boas prácticas nalgúns sectores e actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cambio de tendencia habitacional post-pandemia. Retorno ao rural e tele-traballo. • Fondos para dixitalización e incremento de recursos técnicos a disposición. • Novas tendencias: working nomads, produción agro-ecolóxica, ocio e medio ambiente. • Fondos para mellora das infraestruturas de conexión. • Existencia de modelos de referencia noutras comunidades autónomas. • Existencia de entidades representativas que poden asumir tarefas de divulgación, impulso, acompañamento, asesoramento, etc. • Existencia de recursos infrautilizados, tanto nos ámbitos rurais como peri-urbanos ou semi-rurais. • Bonificacións/exencións fiscais, de seguridade social, axudas para emprendementos rurais.
AMENAZAS	FORTALEZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Tendencias post-pandemia non se concretan. Volta ao espazo urbano. • Falta de apoios reais e decididos para a mellora das infraestruturas de comunicación e dixitais. • Falta de apoios reais legais, bonificacións, exencións. • Falta de apoios técnicos para o impulso e acompañamento de novas actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Existencia de cooperativas con capacidade de tracción e boas prácticas. • Existencia de modelos e precedentes noutras comunidades e territorios. • Existencia de modelos legais:CTA,s. Coops. de vivenda, Agrarias, Explotac. Común, etc. • Existencia de plans de acción, conciencia social sobre a problemática. • Modelo con grande arraigo territorial e inserción na comunidade.

5

COVID-19: IMPACTO E MEDIDAS NO COOPERATIVISMO CULTURAL

- A crise xerada pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 tivo unha incidencia desigual en función do tipo de actividades e sectores. As cooperativas de produción agro-alimentaria sufriron o peche do sector da hostalaría pero foron sorteando as dificultades, trasladando as súas vendas ás familias, con todo algúns sectores como o da flor cortada viviron momentos duros ao non poder dar saída a súa produción.
- En canto as cooperativas vencelladas ao sector das actividades de ocio, tempo libre e medio ambiente sufriron tamén as medidas de confinamento e distanciamento e a redución de aforos nun primeiro momento, aínda que

con posterioridade produciuse un cambio de tendencia e un incremento das actividades ao aire libre.

- As devanditas medidas ocasionaron con todo, que algunhas das cooperativas tiveran que optar pola solicitude de ERTE,s parciais até que se puidesen retomar as actividades e se incrementaron os aforos, aínda que non houbo peches nin cese de actividades destacables.
- O incremento do teletraballo, das reunións e xuntanzas virtuais e o emprego dos fogares como oficinas refuxio durante os primeiros momentos da pandemia foron tamén consecuencias directas desta. Isto ocasionou algún problema para a celebración de asembleas nas cooperativas de maior dimensión e cambios legais para solventalo como o incremento da delegación de voto ou a posibilidade de celebración de asembleas telemáticas.
- Variación da tendencia nos hábitos de alimentación. Incremento das opcións de alimentos sans, ecolóxicos e de proximidade. Incremento das facturacións e venda das cooperativas de consumo consciente e responsable e produtores locais e de proximidade.

Con todo, os diferentes informes e estudos¹¹ constatan que a nivel xeral, o descenso da actividade económica foi moi desigual, aínda que se esperan tensións derivadas do encarecemento do prezo das materiais primas, especialmente no sector gandeiro e alimentación animal e a falla de man de obra que xa viña sendo unha das principais dificultades que tiñan as cooperativas de produción. Por outro lado agárdase un incremento das actividades das cooperativas de servizos as persoas, de recuperación e posta en valor do patrimonio cultural, medioambiental e paisaxístico para actividades na natureza entre outras.

No sector agroalimentario, cómpre poñer o foco nos novos hábitos de consumo e no que poden facer as cooperativas para adaptarse a eses cambios e conti-

¹¹ ESPECIAL COVID-19 Cómo ha afectado la pandemia a los distintos sectores agroalimentarios. COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS DE ESPAÑA, El impacto del covid-19 en los sectores agrícola, forestal y pesquero, COPA-COGECA

nuar sendo sostibles, tendo en conta que o consumidor quere gozar de experiencias únicas, consumo na casa, márketing híbrido; o impacto económico e, polo tanto, no consumo; a reinvención de modelos de negocio; reenfoques estratéxicos; redefinir ao cliente; os novos impactos destes cambios nas cooperativas e os seus produtos; o “home delivery”, incremento dos servizos vencellados a produtos, etc.

Os **principios e valores cooperativos** se converten tamén nunha ferramenta principal, para manter e para impulsar medidas de actuación e facerlle fronte ás consecuencias da pandemia (Axuda mutua, solidariedade, equidade, corresponsabilidade, igualdade, intercooperación, etc.), facilitando estratexias de saída conxuntas con carácter sectorial e/ou territorial.

RISCOS E OPORTUNIDADES NO PROCESO DE REACTIVACIÓN

RETOS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Problemas de tesourería e liquidez debido á perda de ingresos. • Cambio de tendencia do físico ao virtual e adaptación de servizos. • Limitacións á mobilidade, e á capacidade (aforos). • Consolidación do teletraballo a domicilio. 	<ul style="list-style-type: none"> • Novos escenarios de traballo nos entornos rurais e periburbanos. • Impulso da dixitalización e da relación directa produtores- clientes. • Novos escenarios habitacionais e de retorno ao rural que poden impulsar servizos diversos. • Incremento do emprego da tecnoloxía para a dixitalización.

Ampliando os desafíos aos que haberá que facer fronte, podemos destacar: **a transformación cara a unha contorna dixital** serán os retos máis importantes para moitos proxectos do ámbito rural e das persoas que os configuran e onde se constatan grandes espazos de mellora. O comercio electrónico ou venda en liña multiplícase, é o máis habitual para a poboación, e chegou para quedarse.

Os desafíos máis inmediatos serán polo tanto a optimización tecnolóxica, a través da dixitalización para a mellora dos procesos, e a implantación de metodoloxías áxiles.

Para as cooperativas con actividades de servizos vencellados a persoas, valorar como a tecnoloxía permitirá retomar a actividade dentro da chamada nova normalidade. Haberá que explorar novas vías para chegar aos seus clientes, senón se pode de forma física, terán que buscar outras formas, eventos mixtos entre en liña e presencial limitado, redes, solucións de realidade aumentada, etc. A dixitalización ten que orientarse principalmente a vendas e acceso a mercados, e en segundo lugar á comunicación activa e segura, con traballadores, clientes, provedores, traballando en contornas dixitais compartidas.


Doutra banda será máis fácil para quen implante metodoloxías áxiles e lean, que acheguen capacidade de adoptar decisións rapidamente para adaptarse á nova normalidade, simplifiquen todo aquilo que non engada valor e sempre que sexa posible reorienten a comercialización. As cooperativas teñen que pararse a pensar para identificar as adaptacións ás que facer fronte para manter ou gañar eficiencia. Evolucionar para ser máis flexibles e poder adaptarse con rapidez a calquera cambio e ás innumerables oportunidades do mercado que van xurdir.

É unha boa oportunidade tamén para impulsar a colaboración público-privada e cooperación entre cooperativas e empresas do mesmo sector ou sectores afíns. Cómpre aprender a convivir en contornas colaborativas para afrontar todos estes retos cunha visión global, xa que se trata de achegar solucións que afectan por igual a sectores, territorios ou comunidades enteiras.

No agro, como xa se foi apuntando, as cooperativas necesitan mellorar os procesos que teñen que ver coa calidade do produto, a imaxe da marca, o consumo, a sustentabilidade e preocupación pola contorna. E as persoas profesionais, xa sexan produtoras ou traballadoras, necesitan contar con oportunidades laborais e para emprender, que lles faga permanecer no territorio e dar valor ás explotacións, para evitar que se acelere o despoboamento das zonas rurais.

En canto ao sector do ocio, turismo e medio ambiente, o reto será atraer polo menos a viaxeiros nacionais a curto e medio prazo. Haberá que facer esforzos conxuntos sectoriais e/ou por territorio e investir moito en publicidade institucional para recuperar a imaxe exterior da comunidade como destino turístico libre de coronavirus ou polo menos con niveis moi controlados.

PRINCIPAIS MEDIDAS DE ADAPTACIÓN DURANTE O PERÍODO DE CONFINAMENTO DA PANDEMIA



Medidas como a de **reducir a actividade ou aplicar ERTes** déronse principalmente nos primeiros intres co confinamento, xa que se produce un impedimento relacionado co distanciamento social, desprazamentos ou contacto físico.

As medidas **de reaxustes organizativos e de mercado**, así como as medidas de adaptación ao **teletraballo** tamén foron mais doadas de implementar, así como a opción de levar a cabo outro tipo de actividades e traballos que non requirían de presenza física: teleformación, charlas, actividades con soporte dixital.

Relacionadas co anterior, un incremento en **inversión dixital**, programas de comunicación, videoconferencia, hardware para facilitar as conexións e o traballo en remoto.

Por outra banda existiron dificultades compartidas con outras cooperativas como:

DIFICULTADES ATOPADAS POLAS COOPERATIVAS PARA REACTIVAR A SÚA ACTIVIDADE

- 1. Avaliación dos riscos laborais:** analizar e avaliar os riscos existentes no lugar de traballo e para a actividade concreta, incorporando as medidas preventivas relativas ao novo risco de contaxios e transmisións pola Covid-19.
- 2. Modificación da planificación da actividade preventiva,** instrumentos esenciais para a xestión e aplicación do plan de prevención de riscos, para determinar as medidas a adoptar co fin de evitar a transmisión da Covid-19.
- 3. Implementación do teletraballo** nas actividades que era posible facelo, aínda así as cooperativas víronse forzadas a reducir a súa actividade ao mínimo naqueles sectores que requirían presencialidade.
- 4. Adaptación das actividades** de acompañamento, formación, ao actual contexto de crise sanitaria.
- 5. Distanciamento social:** estableceuse como norma xeral o traballar individualmente, mantendo a distancia se é posible de 2 metros e o obrigatorio uso da máscara, unha vez superada a fase inicial do confinamento.
- 6. Dificultade na fase inicial de dotarse de Equipos de protección individual (EPI)-** máscaras FFP2, máscaras FFP3 e pantallas faciais-. Produtos sanitarios- máscaras cirúrxicas-. Outros materiais de protección, como o xel hidroalcohólico.
- 7. Dotarse de ferramentas dixitais, adaptación á transformación tecnolóxica** e novas formas para continuar coa actividade en moi pouco tempo. Realizar un grande esforzo para investimentos para a dixitalización.
- 8. Reaxustes na organización,** para evitar reducir os equipos humanos, fortalecen os principios e valores cooperativos, primando a equidade, igualdade, conciliación, entre outros.
- 9. Reaxustes de mercado,** o peche da hostalaría e os procesos de consumo particular a domicilio, incrementaron as estratexias B2P e comercio electrónico.

10. Acceso ao financiamento, xa que as condicións establecidas nalgunhas liñas de axudas non facilitaban o acceso ao financiamento especialmente para as entidades de pequena dimensión ou xurridas xusto no ano.

Coa pandemia, a redución de facturación nalgúns casos, ocasionou que as cooperativas de menor dimensión tiveran dificultades para afrontar o pago das súas obrigas fiscais e laborais, por esgotamento dos seus niveis de tesourería, que nun principio pode que foran cubertas con reservas e excedentes positivos de exercicios anteriores, pero que, dada a extensión temporal das medidas de confinamento a situación derive en tensións importantes de tesourería, o que en moitos casos obriga a recorrer a créditos ou outros instrumentos de endebedamento, a nivel autonómico e tamén estatal.

Ademais das dificultades que afrontan as entidades de recente creación, moitas de elas aínda no berce e no proceso de posta en marcha cando se produce o peche e paralización total coa situación de confinamento e que nin sequera poden acceder a prestacións ou apoios xa que non teñen facturación en exercicios anteriores e non cómpren requisitos para acceder aos apoios previstos.

Con carácter xeral, as cooperativas iniciaron ERTE's, pola duración dos estados de alarma ou ampliados nas condicións que as medidas económicas adoptadas polo goberno contemplaba, así como acceso a financiamento ou axudas dos gobernos autonómicos no seu caso, igualmente o acceso a financiamento ético tamén se viu en alza. Estas tramitacións non foron doadas, para as cooperativas nin para outros modelos económicos, provocaron moitas dúbidas, problemas burocráticos nas tramitacións, e o volume tan alto de solicitudes xerou grandes retrasos na recepción de recursos e resolucións, incrementando mais aínda a situación límite de moitas entidades.

Entre as medidas que as administracións públicas ofreceron:

1. FLEXIBILIZAR A XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIONES E ADAPTAR AS LICITACIONES

- Minimizar o impacto que COVID-19 tivo nos proxectos en termos de subvención e prazos de licitacións.
- Tentar minimizar o prazo para resolver os trámites administrativos, as concesións, comezos de execución, etc. tanto en concursos como en subvencións co fin de dar axilidade á prestación de servizos na administración.
- Aceleración máxima da resolución das subvencións presentadas e pagamentos das xa concedidas.

2. FACILITACIÓN DE MECANISMOS DE FINANCIAMENTO

- Aliviar as tensións de efectivo causadas pola suspensión, adiamento, peche ou cancelación de actividades e espazos.
- Apoio ao financiamento extraordinario: avais e pagamento de xuros. Aprobación de aplicacións e / ou extensións de liñas de crédito con entidades financeiras (límite % de xuros), financiando os xuros xerados polos préstamos solicitado en tempos de crise sanitaria.
- Posta en marcha dos Bonos ConsolidaES para cooperativas veteranas.


3. INTERCOOPERACIÓN E COMUNICACIÓN DIRECTA E FLUÍDA

- Acceso á información pública das entidades representativas do sector, permitindo ás cooperativas tomar decisións.
- Traballar en fórmulas para crear proxectos que fomenten a empregabilidade e intercooperación.

Estas medidas, non sempre foron ben aceptadas nin implementadas satisfactoriamente polas cooperativas, por diversos motivos, entre eles que non sempre as convocatorias e normativas que se entendían que deberían de ser áxiles e de fácil manexo, non o foron completamente, ou en ocasións a documentación e protocolos

non estaban en consonancia coas particularidades da fórmula cooperativa.

OPORTUNIDADES QUE SE MANIFESTARON NAS COOPERATIVAS DURANTE O PERÍODO DE CONFINAMIENTO DA PANDEMIA



Durante o confinamento as entidades non estiveron nin moito menos paradas nin inactivas, se non que dedicaron o seu tempo a diferentes tarefas “complementarias” pero tan necesarias para plantarlle cara a esta pandemia e xerar forzas para saír adiante. Producindo así oportunidades de actuacións e reactivación na fase de desescalada.



● CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR

Podemos dicir que o cooperativismo é unha fórmula en expansión nun contexto recesivo, un modelo de xestión empresarial que se centra nas persoas e no compromiso coa comunidade, e que por tanto permite acceder a postos de traballo estables e participar en proxectos socialmente útiles e satisfactorios, pero que ao tempo precisaría dun maior grao de formación en xestión económica e cultura organizativa, e en ocasións, de maiores doses de innovación e dun maior grao de colaboración que noutras fórmulas empresariais.

A posta en marcha de novas cooperativas no sector e a consolidación das xa existentes, pasa por aproveitar as oportunidades que se puxeron de manifesto nos

apartados anteriores, en especial o cambio de hábitos de consumo, a volta ao rural con carácter temporal ou definitivo, o impulso decidido á dixitalización e o emprego de novas ferramentas tecnolóxicas, así como de dar a coñecer o modelo cooperativo entre potenciais usuarias, administracións públicas que podan optimizar recursos infrautilizados, estratexias colaborativas e impulsar novos modelos na contorna rural.

FORTALEZAS DAS COOPERATIVAS CULTURAIAS

- A xestión democrática das cooperativas e a corresponsabilidade dos socios supón un extra de motivación, esforzo e implicación que lle confire á empresa unha maior resistencia en épocas de crise.
- No caso das cooperativas de traballo asociado, a dobre dimensión como socio e traballador estimula a aprendizaxe constante e permite dispor dunha visión integral e enriquecedora do funcionamento da empresa.
- As cooperativas facilitan a conciliación da vida privada e laboral debido á súa flexibilidade organizativa. As normas e procedementos son acordados polas mesmas persoas que os terán que acatar ou implementar. A elevada presenza de mulleres no conxunto do sector cooperativo semella corroborar esta afirmación.
- Os postos de traballo xerados no ámbito cooperativo adoitan ser dignos, estables e de calidade. A porcentaxe de traballadores con contratos indefinidos así o indica.
- A intercooperación axuda á consolidación dos negocios das cooperativas e ao fortalecemento do sector no seu conxunto (cooperativas de crédito que facilitan o financiamento na economía social).
- As cooperativas son empresas arraigadas no territorio, de moi difícil deslocalización, e, nese sentido, contribúen ao desenvolvemento económico dos lugares nos que habitan. A aposta pola colaboración coa sociedade e o compromiso social supoñen un motivo de orgullo e identificación para os seus membros.
- As cooperativas gozan de vantaxes legais, subvencións e incentivos fiscais que facilitan a súa posta en marcha e posterior consolidación.

- A coincidencia de obxectivos e valores comúns entre o cooperativismo e o coworking, en especial o sentido de comunidade, a colaboración e o traballo en rede.

DEBILIDADES DAS COOPERATIVAS CULTURAIS

- Nas cooperativas que carecen de procedementos ben perfilados, pódese xerar un certo retraso na toma de decisións. A lóxica democrática, o intento de acadar consensos e a comunicación multidireccional repercuten nesta posible falta de axilidade senón se traballa con carácter previo.
- Existen estereotipos que asocian as cooperativas a sectores de actividade pouco punteiros. O descoñecemento da súa realidade inflúe en asesores económicos que desaconsellan esta fórmula empresarial a novos emprendedores.
- Derivado do punto anterior, pero tamén motivado pola responsabilidade limitada dos socios ou por poder ter un capital social variable ou particularidades das cooperativas sen ánimo de lucro, pode dificultar que as cooperativas se vexan excluídas do circuíto de financiamento da banca convencional.
- Con frecuencia existe nas cooperativas un déficit de formación en xestión económica que dificulta a súa capacidade de innovación, é dicir, de transformar en valor económico a creatividade do grupo.
- Do mesmo xeito que as cooperativas son beneficiarias de certas vantaxes legais, tamén posúen limitacións das que carecen outros modelos empresariais, como no caso da contratación de persoal asalariado, que está regulado e acoutado por lei. Esta limitación forma parte intrínseca dos fundamentos da economía social, como garante de acceso das persoas ao emprego e de cara a evitar a subordinación do traballo ao capital.

O cooperativismo pode consolidar as actividades xa existentes no ámbito rural e constituír unha alternativa de futuro nos territorios, como así o amosan os proxectos que imos presentar no seguinte apartado e que configuran unha realidade con-

sonte coas novas tendencias vencelladas ao consumo consciente, á vida saudable, á organización do traballo descentralizada e sen presenza física ou mixta, de iniciativa emprendedora en distintos entornos, de posta en valor do patrimonio, ofrecendo marcos legais flexibles pero con garantía xurídica e avantaxes canto á flexibilidade e adaptación ás circunstancias cambiantes.

6.1 BOAS PRÁCTICAS DE COOPERATIVAS CULTURAIS E PROXECTOS REPLICABLES

MUUHLLOA:



Muuhlloa, é un proxecto de innovación rural colaborativo conformado pola cooperativa de traballo asociado Milhulloa e Granxa Maruxa. MUUHLLOA foi promovida por 5 mulleres da comarca da Ulloa. Gandaría, agricultura, bioloxía, farmacia, ciencias empresariais, fotografía e artes gráficas danse a man na elaboración da **cosmética ecolóxica, natural e sostible**.

Un laboratorio de ideas de cosmética elaborada con leite fresco de vacas galegas e extractos vexetais de plantas tradicionais da terra que non contou con axudas específicas para a posta en marcha dos novos produtos innovadores, xa que non se adaptaban aos requisitos establecidos para beneficiarse dos/as mesmos/as.

PRODUTOS:

- Leite corporal.
- Crema facial.
- Loción capilar.
- Bálsamo labial.
- Alimentos ecolóxicos.

- Especies ecolóxicas.
- Infusións e tés ecolóxicos.
- Oleatos ecolóxicos.

LENTO, S. COOP. GALEGA:



Lento, S. Coop. Galega é unha sociedade cooperativa de traballo asociado situada no lugar de Ernes, en Negueira de Muñiz, dedicada á elaboración de **pan e repostería artesanal con masas nai e ingredientes ecolóxicos**. Tamén ofrecen cursos de elaboración de pan na casa. Venden os seus produtos, tanto na contorna como nas localidades próximas, chegando até Lugo. Neste último caso nunha viaxe que ten 4

horas de duración en total (2 horas de ida e 2 de volta).

A cooperativa rehabilitou unha vivenda e obradoiro no lugar de Ernes, concello menos poboado de Galicia, Negueira de Muñiz (215 habitantes), situado na montaña lucense, no límite con Asturias, onde xa existía un proxecto cooperativo que tamén destaca polo compromiso co territorio: **Cooperativa Ribeira do Navia**, co obxectivo de poder fixar poboación na comarca se crea a cooperativa entre uns poucos veciños. A actividade que desenvolven é, por un lado, a produción de alimentación en ecolóxico baixo o selo Ribeiregas; e por outro a bioconstrución e traballos forestais.

Polo seu interese e representatividade da problemática que representa este tipo de emprendementos, reproducimos íntegro os comentarios dunha das socias promotoras de Lento, S. Coop. Galega:

“- Emprender no rural implica hoxe en día, nunha parte importante dos casos, emigrar da cidade á aldea (o noso caso), con todo o que isto supón:

· *Empezar de cero nun mundo totalmente alleo e no que socialmente non estamos educadas. Toda a educación, incluso a do mundo rural, está dirixida a levar á xente a unha vida urbana. Non se contempla a posibilidade de adicarse á gandería e á agricultura, ou a vivir nun entorno rural onde as relacións sociais son bastante diferentes do que mostran os libros de texto.*

· *As casas dispoñibles están en condicións de baixa habitabilidade, e o seu prezo está totalmente sobrevalorado, o cal supón unha importante inversión de diñeiro e tempo para a súa rehabilitación.*

· *Rehabitar no rural supón tamén asumir unha nova carga de traballo grande en canto a servizos que no sistema urbano están cubertos: desprazamentos, combustible para motores e para a calefacción, limpeza de fincas, xestión de residuos, mantemento da casa...*

· *As redes sociais fanse moi pequenas, as relacións son moito máis reducidas en canto a número de persoas, co que tes menos xente coa que poder entablar amizade ou clientes potenciais.*

- *Pero tamén é unha moeda con outra cara:*

· *Empezar de cero supón poder estruturar a túa vida á túa medida, algo moito máis fácil no rural, no que o ritmo da vida diaria e os cambios das estacións permíteche ter máis tempo para ti mesmo, para a meditación e o razoamento. Hoxe en día ese tempo é doado empregalo en autoformación para a vida rural, e lendo libros e pesquisando en internet podes atopar moitísima información e axuda para adaptarte dunha maneira máis eficaz.*

· *A pesar do estado e os prezos das casas, o rural ten unha facilidades á hora de emprender, tanto de retribucións (moitos menos impostos e pagos de servizos como auga e electricidade) como de espazo dispoñible para levar a cabo diferentes actividades. Polo prezo dun piso nunha*

cidade, tes a posibilidade de ter casa, terras e locais propios para o traballo

· A aprendizaxe na autoxestión da vida cotiá é unha apertura a desenvolver novas capacidades na resolución de problemas no día a día, que tanto no cotiá, como na hora de emprender, supoñen un empoderamento e unha vantaxe para resolver os conflitos e afrontar os cambios.

· As relacións son menores en número, pero a interdependencia e a axuda mutua no rural é moi forte, polo que sempre vas ter axuda para todo, e un apoio incondicional da veciñanza á hora de emprender.”

COOPERATIVA TAGEN ATA e COOPERATIVA DO VAL:



Grupo Tagen Ata é unha cooperativa, un grupo de traballo colaborativo e activo. Traballan na formación e presenza na rede con cursos on-line, plataformas e-learning, páxinas web, xestores cms, edición e adaptación de contidos, localizada nun principio na cidade

de Ferrol, durante un período de tempo compartiu espazos infrautilizados coa cooperativa do Val en Narón.



Pola súa banda, a **cooperativa do Val**, fúndase no ano 1973 por iniciativa dunha vintena de persoas que apostaban pola cooperación, e querían dar servizos aos

veciños do Val e do contorno. Pasa por diversas etapas, dende produción de leite, horta, unha importante sección de crédito, supermercado rural ate a realidade actual que principia no ano 2010, a Cooperativa realizou un cambio importante na súa estrutura: a antiga sección de Horta pasa a ser unha Cooperativa agraria independente denominada Cooperativa del Campo Gallego El Val-Narón SCG, dirixida polos

proprios agricultores e independente da Cooperativa Santa María del Val, de consumidores e usuarios, cunha estrutura que conserva ata hoxe.



Instalacións da cooperativa do Val en Estrada de Valdoviño, 459, 461, 15541 Narón, A Coruña

Dende a cooperativa facilítase o uso en común de espazos, impúlsase a cooperación entre outras cooperativas como neste caso, é dicir, o que coñecemos como intercooperación. Esta intercooperación pode adoptar moitas formas distintas, entre elas o uso de espazos compartidos ou a posta en marcha de novas actividades complementarias ou accesorias, mediante estratexias de colaboración.

COOPERATIVA O CABLE INGLÉS E COOPERATIVA MARTÍN CÓDAX

o cable inglés
cooperativa cultural

O Cable Inglés, S.Coop. Galega, nace coa idea de dar resposta ás demandas culturais dun xeito integral. O seu obxectivo é propoñer solucións a medida, capaces de integrar cantos servizos sexan precisos para levar a bo termo cada experiencia cultural. Servizos de deseño, branding, márketing dixital, etc.

Martín Códax

Pola súa banda, Adegas Martín Códax é unha cooperativa pioneira na denominación de orixe rias baixas con longa traxectoria e posicionamento no sector.

Froito da colaboración entre ámbalas dúas cooperativas, promoveuse o Ciclo de concertos “Os Xoves de Códax”



Trátase dun importante evento musical, que cada verán -dende o 2013-, reúne na terraza da Adegas Martín Códax a artistas galegos de renome e outros do panorama nacional e internacional, para mostrar diferentes proxectos nos que tradición e fusión son os protagonistas. O Cable Inglés desenvolveu as primeiras 6 edicións, do 2012 ao 2017.

Deste xeito a cooperativa vitivinícola posicionouse como promotor cultural e deu coñecer a súa marca entre o seu público obxectivo, ampliando tamén os seus servizos ao turismo enolóxico.

AMARELANTE, S.Coop. Galega



Amarelante Sociedade Cooperativa Galega de explotación en común da terra nace no 2013 co obxectivo de recuperar os soutos de castiñeiros abandonados e reactivar a produción de castañas

de calidade, elaborando produtos con valor engadido comercializados baixo o selo de Castañas de Galicia.

Réxense polos principios de sustentabilidade, xustiza social e respecto polo medio rural, valores que deron como resultado a especialización na venda de castañas e noutros produtos derivados. Teñen como obxectivo ser unha cooperativa referente para os consumidores que queren comprar castañas en Galicia, principalmente as da variedade amarelante, unha das de mellor calidade do mercado.

A base de operacións de Amarelante é Manzaneda, un concello que cumpría con todos os requisitos: centos de castiñeiros “a monte”, unha poboación envellecida que non podía atendelos e a necesidade urxente de ofrecer alternativas reais das

que vivir (non sobrevivir) no rural. Unha cooperativa que combina idealismo e convencemento de todo o seu potencial, nun proxecto que pode ser unha ferramenta de transformación social que vai moito máis aló da recollida de castañas.

PRODUTOS:

- **Castañas secas:** Castañas secas tratadas nun secadeiro alimentado con biomasa. Sen aditivos nin conservantes e libres de glute.
- **Fariña de castaña:** Fariña elaborada 100% con castañas secas. Sen aditivos nin conservantes.
- **Bica de castaña:** Reinterpretación deste doce tradicional. A bica de castaña é unha sobremesa única cun sabor moi característico.

MONTE CABALAR, S. Coop. Galega



Monte Cabalar é unha cooperativa de explotación comunitaria de terra que agrupa aproximadamente 3.600 propiedades de máis de 1.000 propietarios nunha explotación gandeira en extensivo con máis de 700 ha de monte nas parroquias de Somoza, Tabeirós, Nigoí, Arca e Souto (concello da Estrada) co obxectivo de intervir sobre o abandono e o minifundio.

O proceso social xerado a partir de marzo de 2006 culminou positivamente na constitución da cooperativa coa participación de máis de 330 socios, e na materialización do proxecto: a experiencia da explotación silvopastoral en réxime cooperativo.

Coa satisfacción de estar a xestionar os recursos dos montes, obtéñense produtos cárnicos da máxima calidade que se comercializan con marca propia en canles curtas, a través da venda directa a socios ou na localidade, completando na práctica o ciclo do monte á mesa nunha experiencia de soberanía alimentaria.

PRODUTOS:

- **Salchichón de poldro:** é o seu primeiro produto cárnico transformado, un produto natural e exclusivo, elaborado con carne magra de poldro (85%) e touciño de porco celta (15%).

- **Chourizo de poldro:** elaborado con carne magra de poldro de monte (85%) e touciño de porco celta (15%).
- **Crema de poldro sen graxa:** combina os dous produtos máis representativos do monte galego, a carne de poldro e a castaña, para conseguir unha crema de untar, apetitosa e moi saudable.
- **Chacina de poldro:** produto natural e exclusivo sen aditivos onde se empregan as partes máis nobres do poldro. Ten un gusto salino e un sabor afumado natural.
- **Chourizo de “porco celta”:** Chourizo típico galego, serve para cociñar ou comer cru. Elaborado con magros seleccionados de porco celta, embutido en tripa natural de porco.
- **Salchichón e chourizo de tenreira:** elaborado con carne magra de tenreira criada no monte (85%) e touciño de porco celta (15%).

CAL CASES

Cal Cases, é unha comunidade constituída ao redor dunha **cooperativa de vivenda en cesión de uso**. Unha experiencia pioneira de cooperativas de vivenda no mundo rural.

Situada no medio do bosque, no termo de Santa Maria d’Oló (Moianès), defínense como un “proxecto de vida comunitaria”. Os primeiros integrantes atoparon este lugar fai dez anos, cando apenas estreaban a trintena. Viñan do activismo político, era a época da alterglobalización e estaban vinculados ao Ateneu Rosa de Foc do barrio de Gràcia de Barcelona.

A cooperativa que constituíron é a propietaria das 19 hectáreas que engloban o espazo (horto, terreo, vivendas e espazos comúns) e as persoas socias teñen dereito de uso sobre iso. *“Cando quixemos comprar, os bancos pedían avais individuais, pero nós queríamos que a propiedade fose cooperativa”*, segundo unhas das promotoras. Finalmente fixeron unha compra colectiva e unha hipoteca coa banca ética Fiare, que entón apostou por un proxecto en Cataluña.

As persoas socias fixeron unha achega inicial que se lles devolvería nun máximo de cinco anos no caso de que se fosen da cooperativa. Actualmente conviven vinte adultos e dez nenos e nenas. Organízanse seguindo un modelo económico onde todos os membros teñen que achegar oitenta horas semanais entre traballos na casa e traballos fóra. É un modelo colectivista onde todos achegan diñeiro á comunidade pero de forma proporcional ao prezo-hora por persoa: calculan o que gañan en euros e divídeno polo número de horas que dedican a traballar. Aplicando este modelo rompen co que pasa na sociedade en xeral, onde hai traballos que están máis precarizados que outros.

Dende o inicio, a idea era construír un modelo de vida máis autónomo, baseado na autoxestión e a autosuficiencia enerxética e alimentaria nunha contorna rural. Por iso, á parte do horto, que abastece gran parte da alimentación, e o espazo de plantas medicinais, plantaron a súa propia espelta non só para alimentarse, senón tamén para utilizala para a bioconstrucción.

PUERTA DE MUNIELLOS, Sociedade Cooperativa Astur - MOAL - PROXECTOS INTEGRAIS

O pobo de Moal, en Cangas del Narcea, empezou a traballar no seu futuro deseñando un modelo do que pretende ser a nova aldea da época post-industrial e do século XXI. A comunidade veciñal deste pobo, que se caracteriza polo seu traballo colectivo das súas tres asociacións –a de mulleres, a cultural e a deportiva–, decidiu afrontar o reto de frear a perda de poboación e apostaron por buscar fórmulas que lles permitan xerar emprego na súa localidade para conseguir que as persoas mozas teñan a oportunidade de quedar. Unha idea que están a materializar co apoio da administración rexional, a través do Comisionado para o reto demográfico do Principado, na que tamén traballan investigadores do Serida.

Deron a coñecer o seu proxecto no encontro dixital “Moal: unha nova economía para a aldea do século XXI”, que contou coa participación de diferentes expertos na materia, veciños de Moal e tamén con representación política. O primeiro paso dado

por Moal cara ao seu obxectivo de xerar unha economía no seu pobo foi constituírse como sociedade cooperativa, que conta con 62 socios, e leva por nome “Porta de Muniellos Sociedade Cooperativa Astur”. A actividade coa que arrincará en principio será un bar tenda.

Pero a gran finalidade deste movemento veciñal é poder chegar a xestionar a súa contorna (montes, bosques, prados, terras de cultivo) para crear unha actividade económica sostible. Na voz dunha das súas promotoras o obxectivo é crear unha cooperativa de explotación comunitaria de terras. Ademais, facía fincapé en que a particularidade deste proxecto é que *“non estamos a constituír a cooperativa como un grupo de persoas que buscamos un autoemprego, senón como unha comunidade veciñal coa clara idea de creala para atraer novas”*.

Pola súa banda, o Comisionado para o reto demográfico do Principado de Asturias, apuntou que se está creando un novo modelo de economía agraria e explicou os tres elementos nos que debe sustentarse: “Un sistema agroecolóxico local, con manexo do territorio, produción agroalimentaria e mantemento da diversidade; un sistema enerxético local no que produzan a súa propia enerxía renovable; e un sistema diversificado de empresa nas que se inclúa turismo rural, prestación de servizos, de carácter social... Aínda que a base económica ten que ser a xestión o territorio”.



● FOMENTO DA CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR

7.1. DETECCIÓN DE OPORTUNIDADES

Entre moitos aspectos e potenciais oportunidades xa incluídos nos apartados anteriores deste Plan, de todos os xeitos faremos un listado polo miúdo dos que nos parecen máis acaídos para o modelo cooperativo:

- A)** Produción ecolóxica e artesá:
- Traballos agrícolas e gandeiros.
 - Apicultura.

- Queixarías.
- Cunicultura.

B) Traballos e servizos forestais.

C) Servizos de Atención ás persoas:

- Servizos de acompañamento e de axuda a domicilio.
- Centros de día e residencias para persoas maiores.
- Transporte de persoas maiores.

Innovando a atención ás persoas a través de:

- Cohousing.
- Casas tuteladas e similares con persoas maiores (Casas do Maior).

Ademais, xerando este tipo de proxectos, tamén se xera emprego en Infraestruturas e servizos de proximidade (fisioterapia, podoloxía, salón de peiteado) e servizos de restauración: cátering para centros de día, casas do maior e servizos de comida a domicilio

D) Servizos culturais e proxectos de innovación social a través da cultura:

- Espazos de creación de arte, cultura, como: bibliotecas, ludotecas, etc.
- Museos e arte, teatro, etc.
- Iniciativas emprendedoras baseadas na xestión do patrimonio cultural.

E) Servizos e proxectos de innovación social a través do coñecemento da natureza e medioambiente.

F) Mercadillos Temáticos e Green Markets para o Turismo Sostible.

- Mercadillos e turismo.
- Xestión de eventos rurais.
- Temáticas, recreacións e decoracións.
- Green Markets.

G) No ámbito do consumo:


- Servizos dirixidos a satisfacer as necesidades de consumo do medio rural, á vez que se favorece un consumo eficiente e responsable Introducir a economía de proximidade e estimular a demanda de produtos locais.

H) Lanzar proxectos piloto de “cooperativas multisector” acompañadas e tuteladas por outras cooperativas xa establecidas no ámbito rural e por persoas cualificadas e expertas en cooperativismo.

I) Introducir nas novas cooperativas a utilización de ferramentas dixitais como Blockchain, un novo Internet – internet do valor– que reformula o modo no que contratamos, intercambiamos mercadorías e, por tanto, pagamos e financiamos, compensamos e liquidamos operacións, rexistramos e depositamos valores. De especial interese, na creación de mercados automatizados -sectoriais ou non-. O seu avance con respecto ás xurdidas na etapa “colaborativa” é claro. Principalmente porque as plataformas Blockchain habilitan unha base de datos compartida que se actualiza en tempo real e que pode procesar e liquidar transaccións en minutos sen necesidade dunha verificación de terceiros, o cal nos sitúa diante dunha infraestrutura perfecta para un novo mercado automatizado e sen intermediarios (P2P, e B2P): verdadeiramente entre dous iguais que, neste contexto, poden ser o vendedor e o comprador.

No ámbito puramente produtivo, tal e como apuntan distintos informes e estudos:

- Produción de materiais empregados na bioconstrucción como o vimbio, a palla de centeo, etc.
- Produción e comercialización de Té Verde Galego.
- Produción e comercialización mixta de castañas e cogomelos.
- Produción e transformación de froitos de bosque tradicionais: sabugueiros, madroños.
- Produción e comercialización de cáñamo industrial.
- Produción e comercialización de golden berry.
- Produción de aceite de alta gama.
- Produción de ovella e cabra para labores de silvicultura e desbroce.
- Produción e comercialización de carne de porco celta e derivados.



● PLAN DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO RURAL

Tal e como xa se apuntou anteriormente, a creación de proxectos empresariais a través de cooperativas permitiría:

- a)** Recuperar tradicións ancestrais, como a artesanía, a gastronomía.
- b)** O cultivo a través de métodos biolóxicos.
- c)** A explotación da riqueza natural e o patrimonio cultural dos diferentes territorios dunha maneira responsable, favorecendo un futuro sostible para o ámbito rural.

Para isto é preciso abordar con urxencia:

- 1)** Acceso a vivenda // utilización das terras. A través da colaboración público-privada pode desenvolverse un sistema de recuperación de bens en desuso e o seu arrendamento a cooperativas asentadas na zona. Estes mesmos marcos de colaboración poden desenvolver un sistema que facilite o acceso a unha vivenda nas áreas rurais (vivendas deshabitadas, por exemplo, negociando unha renda suficiente para os seus donos e comprometéndose os novos habitantes á súa rehabilitación).
- 2)** Bonificacións/exencións fiscais. A través dos impostos locais os Concellos teñen a posibilidade de atraer a instalación de novos negocios.
- 3)** Renda básica rural garantida ampliar prestacións e beneficiarias.
- 4)** Banda ancha rural, Introducir as novas tecnoloxías e eliminar a fenda dixital, a través de:
 - a)** Desenvolvemento de pasarelas de pago
 - b)** Tendas virtuais con información contextual
 - c)** Posta en funcionamento de sistemas de tarxetas para cidadáns
 - d)** Blockchain. Considerando que esta nova ferramenta de intercambio seguro a través de internet permitirá desenvolvementos de gran utilidade para o ámbito rural, permitindo optar entre as canles habituais para a realización de transaccións e outros alternativos e completamente fiables que cada vez teñen máis aceptación.
- 5)** Banco público rural. As Caixas Rurais foron decisivas para o desenvolvemento do sector agrario, a súa diseminación por todo o territorio rural conforma unha rede que debe ser mantida e potenciada para favorecer nestas zonas o acceso ao crédito e a outros servizos bancarios. Outra opción que puiden garantir o servizo é o establecemento de postos de caixeiros automáticos onde realizar as operacións máis habituais. Necesitan pouca infraestrutura e mantemento e ofrecen un gran servizo.
- 6)** Accesibilidade a servizos básicos de transportes de viaxeiros (tren de proximidade e liñas de autobús, vehículos compartidos, etc.) O illamento de moitas zonas rurais vén dado pola falta de servizos de transporte. É imprescindible

dinamizar a creación de liñas de viaxeiros que conecten a zona rural coas urbes máis próximas. O Consello Económico e Social de España trae a colación no seu Informe sobre o Medio Rural e a súa vertebración social e territorial outro estudo elaborado por BBVA no cal se determinan as tipoloxías de áreas rurais, e un dos criterios é a accesibilidade, sinalando que aqueles municipios nos que o tempo de viaxe para conectar cos servizos dunha cidade é superior aos 45 minutos considérase un municipio rural remoto.

7) Capacitación profesional, innovación educativa, atracción de talento e formación para emprender en cooperativas de traballo. A través da creación dun programa específico de formación e capacitación profesional para a poboación residente nas zonas escasamente poboadas.

8) Crear unha rede de apoio que ofrezca respaldo e sensación de pertenza á comunidade rural. É unha das cuestións máis reiteradas por parte das cooperativas consultadas. Necesitan formar parte de estruturas coas que sentan identificadas e nas que vexan reflectidas as súas preocupacións, para buscar solucións conxuntas.

9) Elaborar e coordinar proxectos comúns sectoriais. Que as empresas xa establecidas no ámbito rural poidan formar parte de mesas de traballo nacionais e transnacionais, a través das cales coñecer outras experiencias e mellorar os sistemas actuais.

10) Accións de Marketing e loxística de distribución. Do mesmo xeito, o sector reclama actuacións conxuntas dirixidas a dar publicidade ás súas empresas e servizos e a visibilizar o traballo que realizan. É tamén necesario prestar atención ás canles de distribución e melloralos no posible para poder ampliar o seu mercado e diversificar o seu público obxectivo.

11) Potenciación e impulso do turismo nacional. As cooperativas de traballo cuxa actividade se dirixe ao turismo reclaman unha maior atención cara ao turismo nacional. Temos que saber mostrar os “encantos” da nosa zona aos nosos propios veciños, ademais dos pertencentes a países próximos. A realización de campañas de comunicación sería benvida.

12) Impulsar a actividade económica, a creación de talento e o emprendemento


e produción non deslocalizable, a través de Cooperativas de Traballo, actuando en proxectos que implanten servizos educativos, sanitarios, culturais e de lecer, entre outros. A existencia destes servizos básicos fomentará o regreso de poboación aos municipios “baleirados” e á súa vez xerará oportunidades de negocio e emprego.

CHAVES PARA A POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS COOPERATIVOS NO RURAL

- 1.** Contar con persoas e/ou familias dispostas a realizar un proxecto de vida nalgún dos pobos integrados na Galicia rural (poden ser persoas que xa habitan nunha destas zonas ou persoas que se propuxeron cambiar o seu modo de vida e trasladarse a unha área rural).
- 2.** Implicación firme e persoal tanto da máxima autoridade do municipio como da responsable da área de desenvolvemento local ou comarcal.
- 3.** Definir a actividade económica a desenvolver no municipio de acollida. É probablemente o maior desafío do proxecto. Hai que analizar moi ben as posibilidades de traballo nos sectores agrario/gandeiro, industrial/artesanal e servizos, todos eles dependentes do dinamismo potencial da localidade e/ou comarca e do patrimonio da mesma.
- 4.** Formación técnica, empresarial e cooperativa.
- 5.** Apoio experto en desenvolvemento empresarial e cooperativismo. Acompañamento e titorización nas primeiras fases do proxecto.
- 6.** Accións de Marketing e loxística de distribución.
- 7.** Creación dunha rede de apoio, a modo de comunidade.
- 8.** Proxectos piloto de “cooperativas multisector” onde se agrupen diferentes profesionais e se experimente a validez dos proxectos antes de independizarse.
- 9.** En todos estes procesos, a MULLER É FACTOR CHAVE, polo que cómpre incorporala aos proxectos.

8.1 ACTUACIÓNS DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR





● BIBLIOGRAFÍA

- ¿Valen ou non as cooperativas comunitarias para o campo galego? (1971), POUSA ANTELO, Avelino
- La sociedad cooperativa: fórmula empresarial idónea para el desarrollo rural endógeno y sostenible, PALOMA BEL DURÁN (*), M.^a JOSÉ CABALEIRO CASAL (**), Revista española de estudios agrosociales y pesqueros, ISSN 1575-1198, N° 194, 2002, págs. 9-26.
- Plan de Recuperación e Resiliencia do Goberno de España.
- Plan de recuperación 130 medidas fronte ao reto demográfico. Goberno de España. Ministerio para la transición ecológica y el reto demográfico.
- Informe Despoblamiento y Desarrollo Rural, propuestas desde la Economía Social, Gemma Fajardo García-Jaime Escribano Pizarro, CIRIEC
- Informe 02|2021un medio rural vivo y sostenible. CES-España
- Análisis del impacto socioeconómico de los valores y principios de la Economía Social en España. CEPES

- Plan Estratéxico do Cooperativismo Agroalimentario Galego 2020-2030, Unión de Cooperativas AGACA
- El impacto del covid-19 en los sectores agrícola, forestal y pesquero, COPA-COGECA
- Informe cooperativas ante el reto demográfico. COCETA
- Guía de oportunidades de negocio. Modernización sector primario. Proxecto LACES
- Dinamización cooperativa. Guía de casos. Proxecto Nexus-Rede.
- Proxecto Migracoop. Federación Valenciana de Empresas Cooperativas.
- Libro branco da Economía Social en Galicia. 2018.
- Texto vixente da Lei de cooperativas de Galicia. Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade
- Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía social de Galicia
- Lei 4/2017, do 30 de novembro, de Microempresas Cooperativas e Cooperativas Rurais de Castela-A Mancha, pola que se modifica a Lei 11/2010, do 4 de novembro, de Cooperativas de Castela-A Mancha.

